

Plan de Seguimento das DOT

MEMORIA AO
PARLAMENTO

2019

Sustentabilidade
Territorial

XUNTA DE GALICIA



Presentación.....	5
Resumo	7
1. Desenvolvemento das DOT e da sustentabilidade territorial	11
Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)	11
<i>Criterios</i> que constitúen as liñas estratéxicas da política territorial de Galicia:.....	15
Liña estratéxica A: Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa.....	15
Liña estratéxica B: Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio.....	19
Liña estratéxica C: Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio	22
Liña estratéxica D: Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial.....	25
Liña estratéxica E: Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural	33
Liña estratéxica F: Protexer o patrimonio natural e cultural	40
Liña estratéxica G: Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental	42
Liña estratéxica H: Afianzar o protagonismo exterior de Galicia.....	50
2. Síntese	51
Anexo (memoria USB): Informe 2019	

Data da Memoria: decembro 2019

Presentación

A Memoria 2019, elaborada para dar conta ao Parlamento de Galicia sobre os efectos da aprobación das Directrices de ordenación do territorio, corresponde á sexta edición do Sistema de seguimento das DOT, publicado por primeira vez en 2014 e actualizado anualmente. O Plan de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial (PSST) ten como obxectivo realizar a avaliación continua dos instrumentos de ordenación territorial e de urbanismo que desenvolven as Directrices de ordenación do territorio.

O PSST, como consecuencia da aprobación do *Decreto 176/2013, do 21 de novembro*, prevé un informe anual no que se analizarán os resultados das ferramentas definidas para coñecer a evolución das variables de sustentabilidade.

Estes informes reflicten o traballo da Comisión de seguimento das DOT, órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, responsable de desenvolver e adaptar as distintas ferramentas deste sistema de seguimento.

A presente memoria elabórase a partir do traballo desenvolvido pola Comisión de Seguimento, a través dos Grupos Técnicos de Traballo (GTT), integrados por representantes de distintos departamentos da Xunta de Galicia.

Ata agora 17 grupos técnicos de traballo (GTT) definiron 70 indicadores (7 IDI e 63 IST) nestes seis anos. No informe 2019 avalíanse un total de 51 indicadores, dos cales 46 son actualizacións e cinco se implementan por primeira vez:

No bloque de ocupación do territorio, o indicador Superficie de vivenda en solo urbano e de núcleo rural analiza a información relativa á superficie construída destinada a vivenda en Galicia. O indicador abonda na distribución e intensidade territorial do solo destinado a vivendas en solo clasificado urbano ou de núcleo rural polo planeamento urbanístico. Ademais de obter unha visión polo miúdo deste tecido residencial, a cartografía asociada axuda na planificación do solo residencial futuro.

O indicador Superficie e usos portuarios analiza a superficie terrestre e da lámina de auga nos 122 ámbitos portuarios de competencia autonómica así como os distintos usos que a figura da Delimitación de usos portuarios 8 DEUP) establece.

O indicador Camiño de Santiago analiza a oferta e a demanda de prazas de establecementos turísticos regrados nos concellos polos que pasan as distintas rutas do Camiño de Santiago, ademais do número de compostelas outorgadas aos peregrinos.

Por último, no bloque de mobilidade definíronse dous indicadores. O indicador de Transporte público por estrada analiza a distribución territorial das viaxes en transporte público en tres categorías: nas áreas de transporte metropolitano, fóra destes ámbitos e viaxes de escolares con reserva de praza. O indicador de parque móbil de vehículos analiza o número de vehículos por habitante e a súa distribución territorial así como a caracterización por tipo de combustible e distintivo medioambiental.

A Memoria recolle os resultados dos indicadores así como as accións da Xunta de Galicia máis relevantes en desenvolvemento das DOT estruturados nas oito liñas estratéxicas que as Directrices de ordenación do territorio de Galicia salientan para acadar un territorio sustentable e unha sociedade cohesionada.

Esta Memoria de 2019 inclúe o informe 2019 completo cos seus anexos, en formato dixital. Ambos contan con versións preparadas para a descarga desde internet¹.

¹ http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0101001001
<http://cmaot.xunta.gal/seccion-organizacion>; <http://cmaot.xunta.gal/indicadores>

Resumo

A Memoria 2019 reflicte a situación e evolución dos indicadores definidos para avaliar os efectos das DOT sobre as variables ambientais e socioeconómicas. A análise abórdase a partir das oito liñas de acción que as DOT propoñen como estratéxicas para Galicia.

Anualmente actualízanse unha parte significativa deses indicadores en función da periodicidade das fontes, do seu potencial para expresar resultados significativos para avaliar a súa tendencia. Este ano elaboráronse un total de 51 indicadores.

Os Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI) cuantifican os distintos instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos que se teñen desenvolvido, cumprindo así as obrigas fixadas polas DOT. Neste senso, no período 2011-2019 aprobáronse 49 plans xerais de ordenación municipal (PXOM) e outros 90 atópase en elaboración. Neste último ano aprobáronse 6 novos PXOM, o que supón acadar un 15,61% dos concellos con plan adaptado ás DOT. Engadindo os 90 que están en elaboración acádase o 44,26% dos concellos galegos adaptados ou en proceso de adaptación, que, en termos de poboación, supón un 43,22% e un 40,93% da superficie galega.

No ámbito do Plan de ordenación do litoral (POL), a porcentaxe de superficie con plans adaptados ou en elaboración é do 48,59% o que supón o 53,38% da poboación residente neste ámbito.

No que se refire aos instrumentos de ordenación do territorio, a Xunta de Galicia aprobou en 2011 un plan territorial integrado, o Plan de ordenación do litoral, que abrangue máis de 215.000 hectáreas e ao 53,38% da poboación galega. Un segundo plan territorial integrado, o da bacía hidrográfica do río Eume, pendente de tramitar segundo o regulado nos apartados 2 e seguintes do artigo 15 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, desenvolve o modelo territorial proposto polas DOT para unha cunca hidrográfica (determinación 10.1.2.c). Así mesmo, aprobáronse catro plans sectoriais de incidencia supramunicipal e outros catro atópanse en elaboración.

Para a avaliación do grao de cumprimento das liñas estratéxicas da política territorial establecidas nas DOT, analizouse o estado e a evolución dos Indicadores de sustentabilidade territorial (IST), así como as actuacións desenvolvidas polo Goberno de Galicia en cada unha das liñas.

Na liña estratéxica **A “Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa”**, a planificación territorial e urbanística aliñada cos obxectivos das DOT e dos desenvolvemento sustentable (ODS) pode ser a clave para acadar cidades e vilas sustentables.

Para isto, os instrumentos urbanísticos e de planificación territorial, que pulen por un territorio equilibrado e capaz de atender ás necesidades de todas as persoas, desempeñan un papel fundamental na definición e distribución das infraestruturas, servizos e usos no territorio. Neste senso, a Xunta de Galicia vén de aprobar o proxecto de **Lei de ordenación do territorio** no mes de decembro de 2019 coa cal será máis áxil e eficaz levar a cabo a planificación territorial cara a acadar un territorio máis equilibrado, sustentable e cohesionado que de soporte á planificación urbanística.

Nesta liña, o informe deste ano inclúe un indicador que analiza a distribución e a densidade da superficie de vivendas no solo urbano e de núcleo rural. A xustificación da oportunidade da inclusión de este indicador, nesta edición do PSST, deriva da necesidade de avanzar nunha batería de ferramentas para a análise de factores como os padróns de ocupación do territorio pola edificación, a accesibilidade e mobilidade ou o grao de mestura de usos nos asentamentos, entre outros.

Se o indicador **Dinámica urbanística**, analizado en 2018, permitía aproximarse ao grao de axuste entre os plans urbanísticos e a demanda real de solo para a súa transformación nos distintos concellos galegos, o indicador **Superficie de vivenda en solo urbano e de núcleo rural** reflicte a distribución no territorio da superficie dedicada ao uso vivenda e a intensidade deste uso nos solos urbanos e de núcleo rural. Entre outros, os resultados do indicador apuntan a que o 37% dos ámbitos analizados², presentan un rango de densidade de vivenda entre 100 e 500 m² por hectárea, un 30% entre 500 e 3.000 m² e so un 5% superan unha densidade de 3.000 m² por hectárea.

Aos efectos de estimar a necesidade de nova superficie residencial, tamén se debe ter en conta a dinámica demográfica, así como o parque construído de vivendas sen uso ou baleiras, e a demanda de vivenda protexida.

² Malla de 100m x 100m nos ámbitos de solo urbano e de núcleo rural de 265 concellos

A xeorreferenciación desta demanda permite actuar ás administracións públicas onde é máis necesario, gañando eficiencia nos investimentos públicos ao axustarse ás necesidades reais. O **Rexistro único de demandantes de vivenda protexida** do IGVS pode ser unha ferramenta útil para dimensionar, nun aspecto substancial, as necesidades de vivenda en cada concello.

Por outra banda, no desenvolvemento de cidades e vilas sustentables son prioritarias as políticas públicas de fomento da rehabilitación e da reforma das edificacións para mellorar a eficiencia enerxética que reduzan o consumo de enerxía e contribúan a diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro. Desde o ano 2016, o Goberno galego xestiona diferentes programas e axudas para o desenvolvemento de políticas de rehabilitación e renovación do parque de vivendas de Galicia.

Entre as liñas de actuación promovidas pola Xunta destacan a convocatoria de axudas para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e do resto de edificios e vivendas de titularidade municipal (dentro do **programa de vivendas de mestres**), as axudas para adquisición de vivendas en centros históricos, o **Programa Rehaluga**, no marco do Programa RehaVita, o **Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020**.

Outra liña de acción para o fomento da rehabilitación –determinación 3.1.4– radica nas **Áreas de rehabilitación Integral** que no 2019 suman catro concellos –Ribeira, Bueu, Vigo e Vilagarcía de Arousa– aos 130 que xa contan cunha ARI ao declararse a Área de rehabilitación integral Parque Nacional das Illas Atlánticas.

No que atinxe ao desenvolvemento da paisaxe galega (Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia), no mes de xullo o Consello da Xunta acordou o inicio da tramitación do **Regulamento da Lei da paisaxe** e someteuse a información pública. Este regulamento engadirase ás ferramentas para conservar, protexer e poñer en valor o patrimonio paisaxístico de Galicia, achegando concreción, criterios e metodoloxías a esta materia para mellorar a eficacia da normativa nesta materia.

No que respecta á liña **B “Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio”**, cabe salientar a aprobación da **Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas**, aprobada no pasado mes de febreiro. Esta lei pode redundar na mellora do desenvolvemento das cidades e vilas galegas, e tamén, nun senso máis global, na protección dos valores paisaxísticos das contornas urbanas. Nace coa vocación de crear

un marco integrado e claro que permita impulsar e axilizar as actuacións en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas.

Esta lei contempla a declaración de **áreas Rexurbe** en ámbitos urbanos moi degradados, non unicamente no plano edificatorio, senón tamén social, ambiental e económico, nos que será necesario coordinar actuacións de rexeneración, para o cal se dota dun organismo de xestión e de fondos de financiamento específicos.

En desenvolvemento das DOT e do POL, a Xunta está a desenvolver e impulsar a **Senda dos Faros** co obxecto de fomentar o descubrimento do litoral, a valorización dos recursos territoriais e a lectura das paisaxes que se van percorrendo; tamén se busca a conexión con outras rutas alternativas que discorren por núcleos asentados na contorna do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido ou esquecido.

No 2019 rematouse a **Guía de estudos da paisaxe urbana** e estase a elaborar a **Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas** e a **Guía de intervención en espazos públicos**. Estas súmanse ás sete guías de boas prácticas paisaxísticas xa publicadas dende 2011.

Na liña **C “Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio”** o **Plan de transporte Público de Galicia**, aprobado a finais de 2018, ten como obxectivo desenvolver un modelo de transporte público, á vez sustentable e eficiente, que dea resposta ás especificidades galegas, tendo en conta a distribución da poboación no territorio e actúe a favor de manter a poboación no rural

Segundo o indicador, o **Transporte público por estrada**, en 2018, cuantifica preto de vinte millóns de viaxes. O 59,30% das viaxes corresponden a percorridos nas áreas de transporte metropolitano (ATM), un 27,45% desenvólvense fóra destas áreas, e, por último, as viaxes feitas por escolares con reserva de praza no transporte público supoñen un 13,25% do total computado.

No marco da **Estratexia en materia de Mobilidade alternativa de Galicia**, en desenvolvemento das actuacións previstas nas comarcas da Coruña, Bergantiños, Ferrol, Santiago, Lugo, Terra Chá, Ourense, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, a finais do ano 2019 atópanse executados un total de 49,12 quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas dun total de 106,5

quilómetros de sendas peonís e ciclistas previstos co obxectivo de promover modos de desprazamento non motorizados alternativos ao coche.

O indicador **Superficie e usos portuarios** reflicte que os 122 portos baixo a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia teñen delimitada unha superficie, como zona de servizo, de máis de 16 millóns de m², dos cales máis do 72,24% corresponden á lámina de auga e o 27,76% restante a superficie terrestre. O uso pesqueiro representa case un 15% da superficie; os usos náutico deportivos, un 5,55%; os usos comerciais, un 4,17%; o transporte marítimo de pasaxeiros, o 0,22%.

A mellora das redes dixitais reflíctea o indicador **Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais**; os datos referidos ao ano 2018 mostran que o 64,70% da poboación galega conta con cobertura de rede de 30 ou mais Mbps, 3,4 puntos por encima que en 2016 (61,3%). No ámbito litoral, acádase o 71,69% da poboación.

Na liña **D “Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial”**, os indicadores demográficos reflicten unha marcada diferenza entre o litoral e o global de Galicia. No último ano, Galicia diminuíu un 0,2% a súa poboación mentres que a diminución da poboación nos concellos costeiros representa o 0,01%. A costa pontevedresa aínda ten signo positivo (0,1%) no último decenio.

A **densidade de poboación** diminuíu no período 2011-2018 en 3,2 individuos por quilómetro cadrado. Nas zonas ZPP baixa, a densidade tamén segue decrecendo. Pasouse de 21,8 (2016) a 21 hab/km² (2018). En 2018, a poboación destas áreas supoñía o 19,2% da total o que supón unha perda de 0,6 puntos porcentuais entre 2016 e 2018, último período analizado.

Os datos da actividade económica indican que o sector primario –o máis vinculado á matriz territorial– continúa perdendo peso en termos ocupacionais; de feito, o emprego agropecuario, que supón o 4% do total, decreceu en 262 dos 313 municipios no período 2011-2018. Porén, en contraste coa evolución do emprego, os datos económicos indican que nos últimos seis anos dos que se teñen datos, algunhas ramas directamente vinculadas á explotación de recursos endóxeos como son a industria agroalimentaria (30%), o sector primario (17%) e a rama da madeira, papel e mobles (13%) aumentaron o valor da súa produción.

O apoio á actividade empresarial require dun coñecemento preciso do solo dispoñible para dar soporte á actividade económica. Neste senso, iniciouse a tramitación do **Censo do solo empresarial de Galicia** que permitirá ter

información precisa e actualizada da superficie dispoñible de solo empresarial para as empresas que decidan desenvolver en Galicia a súa actividade. Actuará como instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial.

A Xunta vén de pór en marcha distintas estratexias para mellorar o desenvolvemento sociodemográfico de Galicia. Cabe sinalar, ademais do **Plan de desenvolvemento rural**, cofinanciado con fondos FEDER, o **Plan estratéxico Xacobeo 2021** que abrangue distintos departamentos da Xunta de Galicia; para gañar competitividade e calidade no eido do turismo, o **Plan MAT de Mellora de Aloxamentos Turísticos** e o **Reforma TUR** para a modernización dos establecementos hoteleiros.

Tamén cabe mencionar, no marco do **Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia 2015-2020**, programas como **Comercios e Mercados no Camiño** para a modernización do comercio retalista e do seu tecido asociativo.

O turismo supón na actualidade o 10,4% do produto interior bruto de Galicia e o 11% dos postos de traballo, moitos deles de carácter estacional. O indicador **Intensidade turística** amosa un crecemento tanto na oferta de prazas –en 2018 sumáronse 22.600 prazas–, como nas pernoctacións ou no índice de poboación turística. Outro dato indicativo é a concentración espacial, xa que o 66% da oferta e o 62% da demanda turística sitúanse nos concellos costeiros.

Na liña **E “Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural”**, sinálase ao **Programa de desenvolvemento rural** como unha das ferramentas básicas para propiciar a dinamización do rural mediante accións destinadas a mellora da viabilidade das explotacións (máis de 48.000 propietarios e 60.000 ha) e a competitividade dos distintos tipos de agricultura, a promoción da innovación tecnolóxica ou a xestión sustentable dos bosques. Outras das prioridades do programa son a transformación e a comercialización de produtos agrícolas (acceso de 996 explotacións a algún réxime de calidade), a xestión de riscos na agricultura, a mellora e conservación dos ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura –172 proxectos rematados– ou a prevención de danos causados polos incendios, desastres naturais ou catástrofes.

Por outra banda, os indicadores relacionados co sector primario amosan un crecemento claro da **Agricultura ecolóxica**, que vén mantendo un incremento constante da superficie rexistrada e do número de operadores. A finais de 2018, o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica (CRAEGA)

tiña inscritas 49.187 ha dedicadas a este tipo de produción fronte ás 31.916 ha do ano anterior. No período 2011-2018, o incremento foi do 221% de superficie inscrita.

O indicador **Especialización gandeira**, no período 2013-2018, indica un crecemento dos subsectores vacún (4,1%) e porcino (1,2%) fronte a diminución do sector avícola (-5,3%), así como unha distribución asimétricas das especies no territorio, con predominio do vacún na zona máis setentrional e na comarca do Deza, mentres que as aves concéntranse nalgúns concellos da provincia de Ourense e tamén no Deza.

A evolución da **Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal** segue a ser positiva, creceu un 1% respecto do ano anterior aínda que non acada o 12% da superficie forestal arborada, desarborada e de pasteiro; en Pontevedra e Ourense acádase máis do 18 e do 12,8% respectivamente.

Na liña **F “Protexer o patrimonio natural e cultural”**, aprobouse a **Lei de Patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia**, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística para garantir a conservación, o uso sostible, a mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade.

En 2019, aprobáronse tres **plans reitores de uso e xestión**, dous referidos a parques naturais –Parque Natural Serra da Enciña da Lastra e Parque Natural do Invernadeiro– e un referido ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Na liña **G “Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental”** cabe sinalar a **Estratexia Galega de Sustentabilidade** ou Axenda 2030 para Galicia, así como a **Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050** e a **Estratexia de economía circular**. A primeira asume como propios os retos da Axenda 2030 das Nacións Unidas e a segunda pretende que Galicia sexa un territorio neutro en emisións de gases de efecto invernadoiro, mude o modelo de consumo e uso dos recursos naturais, adopte un modelo enerxético baseado en enerxías limpas e mellore a eficiencia en todos os sectores e se adapte ao impacto dos efectos do Cambio Climático.

A **Estratexia de economía circular** pretende substituír, na próxima década, o sistema económico e produtivo lineal por outro máis eficiente, baseado na recuperación de materiais.

No que se refire ao ciclo da auga, o indicador **Calidade da auga nas zonas de baño** reflicte unha constante mellora en todo o período analizado, acadando un 84,6% unha cualificación de excelente e so un 1,6% teñen unha calidade insuficiente para o baño. E o indicador **Variación do estado das masas de auga** rexistra que o 82% das masas de auga superficial e subterránea acadan un estado total Bo ou mellor, un 5% máis de masas de auga que no anterior período analizado.

O indicador **Xeración de residuos urbanos**, no período 2011–2018, presenta, por unha banda unha evolución positiva da cantidade total de residuos xerada pero a medida por habitante e día supera os obxectivos marcados no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia. No que atinxe ao indicador **Recollida selectiva bruta**, neste período, mentres que a recollida do vidro e de envases lixeiros incrementaron as cantidades recollidas por persoa nun 30% e nun 21% respectivamente, na fracción de papel-cartón foi inferior ao 2% e a fracción de materia orgánica-resto reduciuse preto dun 8%. O indicador **Dotación de puntos limpos**, entre 2011 e 2018, sinala un incremento da poboación con servizo de punto limpo do 21%.

Por outra banda, en Galicia, as **emisións brutas de gases efecto invernadoiro (GEI)**, estimadas para o ano 2017, supoñen un aumento do 7,05% respecto de 2016.

Finalmente, na liña **H “Afianzar o protagonismo exterior de Galicia”**, a **Estratexia Galega de acción exterior horizonte 2020** pon de manifesto o interese no exterior no idioma galego, contabilizando máis de 3.500 alumnos nas diferentes accións e protocolos de colaboración que se manteñen con distintas entidades e organismos nacionais e internacionais, a meirande parte a través dos Centros de Estudos Galegos constituídos en Universidades de 16 países.

Así mesmo, cómpre salientar a contribución para mellorar a imaxe de Galicia fóra da Comunidade que ten o **Plan estratéxico do Xacobeo 21**, o **Programa Galicia Exporta Empresas** e nun primeiro termo o **Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2019** ou a **Lei reguladora da acción exterior e cooperación**.

1. Desenvolvemento das DOT e da sustentabilidade territorial

Cara a un territorio sustentable

Enmarcado nas liñas estratéxicas que propoñen as DOT para Galicia, faise un percorrido que abrangue, por unha banda, o grao de desenvolvemento dos instrumentos de planificación a través dos indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI), e por outra, o maior ou menor grao de eficacia das políticas levadas a cabo pola Administración cara a un territorio máis sustentable.

Para isto, ademais dos resultados obxectivos acadados polos distintos plans ou programas despregados no territorio, en liña coas estratexias definidas nas DOT, os indicadores de sustentabilidade territorial (IST) permiten medir, unhas veces, os avances realizados para acadar determinados obxectivos, outras, as presións exercidas sobre o ambiente polas actividades humanas e noutros casos tamén reflicten as actividades realizadas para mitigar os problemas detectados.

En particular, os indicadores ambientais pretenden dar resposta a cuestións como que está a afectar ao ambiente e que se está facendo acerca destas situacións. Uns miden o esforzo que se está levando a cabo, outros a eficiencia destes esforzos e outros dan información das condicións do ambiente.

A avaliación a través de indicadores facilita a lectura, en termos de tendencia e de aspectos clave para a sustentabilidade, e reduce a incerteza sobre o que se coñece dos sistemas, aínda que non a elimina.

Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)

A ordenación do territorio constitúe a base para a definición dun modelo territorial asegurando o axeitado funcionamento socioeconómico e socioecolóxico dos territorios de acordo aos principios de desenvolvemento sustentable e cohesión social.

A actualización dos indicadores referidos aos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, que avalían o grao de desenvolvemento das DOT indican un baixo grao de desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio, particularmente do nivel 2 da planificación en cascada que prevén as DOT, aquel de incidencia supramunicipal que actúa sobre ámbitos homoxéneos do territorio transcendendo as divisións de carácter administrativo.

No que se refire aos instrumentos de ordenación do territorio, a Xunta de Galicia aprobou un plan territorial integrado, o Plan de ordenación do litoral, que abrangue máis de 215.000 hectáreas e ao 57% da poboación galega. Un segundo plan territorial integrado, o da bacía hidrográfica do río Eume, pendente de tramitar segundo o regulado nos apartados 2 e seguintes do artigo 15 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, desenvolve o modelo territorial proposto polas DOT para unha cunca hidrográfica (determinación 10.1.2.c). Así mesmo, aprobáronse catro plans sectoriais de incidencia supramunicipal e outros catro atópanse en elaboración. Estes plans teñen diferentes ámbitos territoriais en función da súa natureza ou sector ao que responden. Os Plans sectoriais da rede viaria atenden a distintas provincias, o Plan de acuicultura litoral esténdese no ámbito litoral, mentres que o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais abrangue a totalidade da Comunidade Autónoma.

Na táboa 1 recóllese o estado de desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio, que non varía con respecto ao informe anterior, e na táboa 2 o dos instrumentos de planificación urbanística.

Táboa 1. Indicadores IDI do bloque Ordenación do territorio

Indicador	Nome	Estado	Superficie	Poboación*
Plans territoriais integrados	Plan de ordenación do Litoral (POL)	Aprobado	2.153,62 km ²	1.556.027
	PTI da bacía hidrográfica do río Eume	En trámite	470,06 km ²	54.836
Plans sectoriais	PS. de ordenación territorial do campus científico-tecnolóxico "Cidade do Mar"	Aprobado	109,06 km ²	-
	PS de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL	Aprobado	200.000 m ²	2.701.743
	Plan director de acuicultura do litoral	En trámite	-	-
	PS da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia	Aprobado	432.03 km ²	-
	PS de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia	Aprobado	5.218,46 ha	-
Programa coordinado de actuación	Plan forestal de Galicia	En trámite		-

• Decembro 2019. Concellos completos

O número de Plans Xerais de Ordenación Municipal avalía, no terceiro nivel da planificación en fervenza, o grao de desenvolvemento e de implantación destes instrumentos de planeamento, aprobados e adaptados ao modelo territorial definido nas DOT ou en elaboración. No período 2011-2019 aprobáronse 49 Planes Xerais de Ordenación Municipal e outros 90 atópanse en elaboración (*Ilustración 1*).

Os PXOM son instrumentos urbanísticos de ordenación integral nos que se contemplan as operacións de transformación urbanística do solo, segundo as determinacións, de carácter xeral, establecidas pola planificación de rango superior. Neles establécese un réxime xurídico do solo e unha estrutura xeral da ordenación urbanística que fai compatible un desenvolvemento socioeconómico coa defensa e preservación dos ecosistemas.

Táboa 2. Indicadores IDI do Bloque Planificación urbanística

Código	Indicador	Medidas
PA1	Número de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	Núm. PXOM aprobado
		Núm. PXOM en tramitación
PA2	Porcentaxe de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	% aprobados
PA3	Porcentaxe de superficie con PXOM adaptado ás DOT aprobado ou en elaboración	% en tramitación
		% superficie con PXOM aprobado
PB1	Desenvolvemento urbanístico	% superficie con PXOM en tramitación
		Núm. concellos

Neste último ano aprobáronse 6 novos PXOM, dous na provincia da Coruña, dous en Lugo e outros dous en Ourense, o que representa unha porcentaxe do 15,6% de concellos adaptados ás DOT e un incremento de 12,7 puntos respecto do acadado no 2013, ano do primeiro informe. Isto supón que, contabilizando os 90 PXOM xa en elaboración, o 44,2% dos concellos galegos, é dicir, un 43,2% da poboación e un 40,9% da superficie da Comunidade conta cun plan adaptado ou en proceso de adaptación.

No ámbito do Plan de ordenación do litoral, a porcentaxe de superficie con plan adaptado ou en elaboración é do 48,59% o que supón o 53,38% da poboación residente neste ámbito.

Os seguintes gráficos e mapas reflicten o estado e a evolución do planeamento xeral en Galicia, desagregado por provincias, municipios e segundo o sistema de asentamentos proposto polas DOT (*Ilustración 2 a Ilustración 6*).




Ilustración 1. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2019




Ilustración 2. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT (2011-2019)




Ilustración 3. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2019




Ilustración 4. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos das DOT




Ilustración 5. Estado do planeamento municipal. Setembro de 2019

O indicador **Desenvolvemento urbanístico** amosa a xestión urbanística a través da aprobación dos distintos instrumentos que permiten a transformación do solo en urbano e constitúen o último nivel de concreción do modelo das DOT. Dende a aprobación das DOT aprobáronse, ou están en elaboración³, 107 figuras de planeamento de desenvolvemento: 54 na provincia da Coruña, 10 en Lugo, 14 en Ourense e 29 en Pontevedra (Ilustración 6). Das sete áreas urbanas, en cinco tramitáronse plans de desenvolvemento: Vigo (5 instrumentos), Pontevedra (3), Lugo (1), Santiago de Compostela (1) e Ferrol (2); atendendo ao sistema urbano intermedio (SUI), dos 31 concellos que constitúen este segundo nivel elaborouse algún plan deste tipo en nove deles: Carballo, Boiro, Ribeira, Sarria, Vilalba, Verín, A Estrada, O Grove e Lalín.




Ilustración 6. Número de instrumentos de desenvolvemento aprobados ou en elaboración (2011–2019)

Estes plans abranguen 63 concellos (20,06%): 29 na Coruña, 5 en Lugo, 12 en Ourense e 17 en Pontevedra. Os concellos de Oleiros, Vigo e Rois son os que aplicaron estes instrumentos en maior número: seis, cinco e catro respectivamente.

³ A disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do solo de Galicia incide sobre o cómputo dos plans en elaboración ao establecer a normas para a adaptación dos planes en elaboración.

Criterios que constitúen as liñas estratéxicas da política territorial de Galicia:

Liña estratéxica A: Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e prever a urbanización difusa

A Axenda 2030 de Nacións Unidas define 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable que os estados comprometidos coa axenda, incorporarán nas súas políticas e que se concretan nun plan de acción para a súa implementación a través do que se denominan políticas “panca”.

A planificación territorial e urbanística aliñada cos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) son a clave para mellorar as nosas cidades e vilas no marco do modelo no que Galicia concíbese como cidade única.

Para isto, os instrumentos urbanísticos e de planificación territorial desempeñan un papel fundamental na definición e distribución das infraestruturas, servizos e usos no territorio, que pulen por un territorio equilibrado e capaz de atender ás necesidades de todas as persoas. Neste sentido, a Xunta de Galicia vén de aprobar o proxecto de **Lei de ordenación do territorio** no mes de decembro. Esta lei revisa a homónima de 1995 cos obxectivos de simplificar e axilizar a planificación urbanística para evitar posibles desequilibrios e mellorar a coordinación territorial.

A simplificación, a axilidade e a seguridade xurídica na aprobación dos instrumentos de planificación, máxime nun contexto de recesión demográfica e de perda de poboación nos ámbitos rurais, é prioritaria para un acompañamento eficaz das iniciativas de tipo económico e social que precisen dun desenvolvemento urbanístico previo. Os instrumentos de planificación territorial poden ser unha excelente ferramenta para o desenvolvemento territorial cara á sustentabilidade.

Incardinado nesta liña estratéxica, definiuse un indicador co fin de xeorreferenciar a información relativa á superficie construída destinada a vivenda e que analizase a distribución e a intensidade deste uso no territorio da Comunidade Autónoma. Isto podería servir de axuda na planificación de novos desenvolvementos de solo residencial propostos polos plans urbanísticos e mesmo na avaliación da súa idoneidade.

Así mesmo, para o PSST enmárcase na necesidade de avanzar nunha batería de ferramentas para a análise dos padróns de ocupación do territorio pola edificación, a accesibilidade e mobilidade ou o grao de mestura de usos nos asentamentos.

O indicador calcúlase sobre a base de datos xeorreferenciada elaborada polo IET a partir da información alfanumérica e gráfica da Dirección General del Catastro do Ministerio de Economía y Hacienda, facilitada a través da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e do Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financiera e Contable (CIXTEC).

A partir desta información elaboráronse dúas cartografías de análise e consulta: unha contén a información xeorreferenciada das construcións que albergan uso de vivenda simbolizada segundo o valor de superficie destinada a este uso. A segunda caracteriza o territorio, en rangos de densidade de superficie deste uso, segundo unha malla virtual de 100x100 m² situada sobre os ámbitos de solo urbano e de núcleo rural.

Entre outros, os resultados reflicten que máis de 140.000 celas dunha hectárea de superficie acollen máis de 140 millóns de m² de superficie destinada a vivenda en 265 concellos. O 49,6% desta superficie atópase na provincia da Coruña, o 25,8% na provincia de Pontevedra, e o 24,6% restante nas provincias de Lugo (14,4%) e de Ourense (10,2%).

Da análise do uso vivenda, dentro e fóra dos ámbitos de solo urbano e de núcleo rural, para o conxunto de concellos analizados⁴ (265 con planeamento vixente dixitalizado) arredor do 15% da superficie total de vivenda atópase fóra dos ámbitos de solo urbano e de núcleo rural.

⁴ Ver detalle da metodoloxía no indicador OCC08 Superficie de vivenda en solo urbano e de núcleo rural




Ilustración 7. Detalle das cartografías xeradas coas construcións destinadas á vivenda superpostas á malla de caracterización territorial.

Segundo os distintos rangos de densidade de superficie de vivenda establecidos, con rango 1, é dicir, con 0 m² de superficie de vivendas, hai máis de 24.300 celas, máis de 243 millóns de metros cadrados que representan o 17,1% da superficie caracterizada sobre solo urbano e de núcleo rural. Case o 70% dos ámbitos estudados presentan unha densidade de rango 3 ou 4, é dicir, o 37,7% son zonas de baixa densidade (100-500 m² de vivenda), con entre unha e tres vivendas por hectárea e o 30,2% presenta unha densidade compatible con vivendas acaroadas e mesmo plurifamiliar en bloque, con entre 500 e 3.000 m² por hectárea. Con rango 7 (entre 35.000 e 50.270 m² por hectárea) só atopamos celas na Coruña (24) e Santiago de Compostela (8).

Segundo o sistema de asentamentos das DOT, as porcentaxes en rango 1 oscilan entre o 23,8% do sistema de cidades e o 19,0% do sistema urbano intermedio, ambos superiores á media galega e, o 14,4% e o 16,1% do terceiro e cuarto nivel, por baixo do 17,1% do valor para Galicia. En canto á distribución en rangos, destacan dúas cuestións: os rangos 5, 6 e 7 varían en consonancia co nivel do sistema de asentamentos e, por outra parte, nos concellos do cuarto nivel en Lugo, máis do 80% das celas encádranse nos tres rangos de menor densidade.




Ilustración 8. Porcentaxe de cuadrículas sobre solo urbano e de núcleo rural nos distintos niveis do sistema de asentamentos das DOT para cada un dos rangos de densidade de uso vivenda establecidos

Aos efectos de estimar a necesidade de nova superficie residencial, débese ter en conta a dinámica demográfica, así como o parque de vivendas existente, en especial, aquelas sen uso ou baleiras, e a demanda de vivenda protexida. A xeorreferenciación desta demanda permite actuar ás administracións públicas onde é máis necesario gañando eficiencia nas inversións públicas ao axustarse ás necesidades reais. No ano 2019, o IGVS, en materia de promoción pública e obra nova, licitou a construción de 40 vivendas na Coruña⁵ que se suman ás 62 vivendas de Vigo⁶, as oito de Ourense, xa rematadas e as dúas de Ferrol un local e dúas vivendas) rematou un edificio en Ourense de 8 vivendas de promoción pública e iniciou outro en Ferrol dun local e 2 vivendas de promoción pública.

Diferenciar a demanda, segundo sexa o réxime de vivendas de protección oficial de promoción pública ou de promoción autonómica, contribúe á eficiencia das políticas de vivenda. En xuño de 2018, o número de demandantes global ascendía a 10.437, dos cales algo máis do 86% correspondía a vivenda de promoción pública. Destes, cabe subliñar a diminución en VPP (-1,53%) e o aumento en VPA (8,89%). Coñecer de xeito diferencial a demanda en núcleos rurais e históricos, que supón o 6,36% da total, permitirá contribuír á revitalización das zonas rurais e das zonas históricas de vilas e cidades. A demanda de vivenda, nestes ámbitos rurais e históricos, favorece a rehabilitación do patrimonio construído sobre a construción de vivenda nova, propiciando a conservación de valores paisaxísticos e culturais.

O **Rexistro único de demandantes de vivenda protexida** do IGVS pode ser unha ferramenta útil para dimensionar, nun aspecto substancial, as necesidades de crecemento dun concello. O indicador **Demandantes de vivenda protexida** sinala que son as áreas urbanas, as cabeceiras e as subcabeceiras as que precisan dunha maior dotación de vivenda suxeita a un réxime de protección.

O dimensionamento da necesidade de vivenda pública actualízase anualmente coa publicación das porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida en cada concello de máis de 5.000 habitantes como consecuencia do regulado na Lei do solo de Galicia (art. 42) no ano 2016 e no seu regulamento (art. 77). En 2014 —data da resolución pola que se fixan as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida en 2014— eran 15.523 unidades familiares inscritas no rexistro como demandantes dunha vivenda protexida, das cales o 78% eran de promoción pública (Ilustración 9).




Ilustración 9. Demandantes de vivenda protexida (2019)

As políticas en materia de vivenda da Xunta de Galicia facilitaron unha axuda a 28.000 beneficiarios, dispoñendo nos últimos catro anos un orzamento de case 130 millóns de euros. Desde o ano 2016, o Goberno galego xestiona diferentes programas e axudas para o desenvolvemento de políticas de rehabilitación e renovación do parque de vivendas de Galicia. Entre os destinatarios atópanse tanto os particulares (propietarios ou inquilinos de vivendas) como comunidades de propietarios, concellos ou promotores de vivenda para alugamento.

Así mesmo, estas liñas de axudas tamén responden á necesidade de mellorar as condicións do parque de vivendas en Galicia atendendo a criterios de accesibilidade, sustentabilidade, aforro enerxético, mellora da calidade e conservación dos elementos singulares das construcións existentes.

Entre as liñas de actuación promovidas pola Xunta destacan a convocatoria de axudas dentro do **programa de vivendas de mestres**, outros edificios e outros inmobles de titularidade municipal, unha iniciativa posta en marcha en 2017 e que foi recibindo máis solicitudes nas seguintes convocatorias, ou as axudas para a adquisición de vivendas en centros históricos, unha liña iniciada en 2018 e que continuará no 2020. En 2019, para a primeira

⁵ Importe de licitación: 6.123.785,21 €

⁶ Importe de adxudicación: 7,6 millóns de euros

destas liñas concedéronse 28 axudas a 18 concellos⁷ para a rehabilitación de 46 vivendas que suman dende 2017 un total de 136 vivendas (1,5 e 4,5 millóns de euros respectivamente).

Outras liñas para facilitar o acceso á vivenda e mellorar as súas condicións son as **axudas ao alugueiro**, os **préstamos para a rehabilitación**, o **Fondo de Cooperación dos concellos**, o **Programa Rehaluga**, o **programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade das vivendas**, así como o de **fomento de conservación, da mellora da seguridade e de accesibilidade**.

Cómpre citar, entre outras, as axudas⁸ a promotores de vivenda para alugueiro que se concederon para un total de 96 vivendas nos concellos de Sarria (55), Ribadeo (40) e A Coruña (5). No Fondo de Cooperación dos concellos, concedéronse préstamos⁹ a cinco concellos (Rubiá, Celanova, Mondoñedo, ribeira e Outeiro de Rei) que incrementan os outros once que xa se lles concedera dende o ano 2017.

Para fomentar a posta en uso do parque de vivendas baleiras, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, puxo en marcha no ano 2018 o **Programa Rehaluga** destinado á rehabilitación ou mellora de vivendas para a súa incorporación ao **Programa de Vivendas Baleiras**, no ámbito do **Plan rehaVita**, plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

Os resultados das tres convocatorias realizadas supuxeron a rehabilitación de 87 vivendas en 32 concellos, que serán adxudicadas en réxime de aluguer en concellos nos existe demandantes de vivenda protexida.

O **Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020**, aprobado en febreiro de 2015, deseñouse atendendo aos tres niveis nos que se xerarquiza o sistema de asentamentos definido polas Directrices de ordenación do territorio e fixa entre tres ámbitos os beneficios das políticas públicas de vivenda: o beneficio social, o beneficio sobre a paisaxe, e o beneficio económico.

⁷ Trabada, A Peroxa, Cualedro, Ordes, Tordoia, Rianxo, Ponteceso, Sober, O Corgo, Mondoñedo, O Vicedo, Bande, Vilardevós, Sandiás, Cenlle, Mos, Oia, Dozón, A Veiga, Vilariño de Conso, Porqueira, Cartelle, Baiona, As Neves, Arbo, A Guarda, A Cañiza, Santiso, Mugardos, Cabana de Bergantiños, Pobra de Brollón, Castro de Rei, Begonte, Baralla, Pastoriza, Cerdedo-Cotobade, A Lama, Crecente, Gondomar e Forcarei

⁸ Importe das axudas para promotores de vivenda para alugueiro: 2.372.767 €

⁹ Importe: 1.205.264,8 € en 2019 e 4.980.354,8 € dende 2017

Está estruturado en catro eixes de actuación, entre os que o eixe 2 especificamente atende ao fomento da rehabilitación das vivendas e a renovación urbana. Aténdese especificamente neste eixe e no programa para vivenda colectiva de fomento da rehabilitación edificatoria e de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios.

O indicador **Vivendas familiares**, presenta unha curva ascendente mentres que a curva demográfica, a partir do 2012, é descendente.

Entre 2017 e 2018, o número de bens inmobles de uso residencial en Galicia incrementouse un 0,53%; entre 2012 e 2018 o incremento foi do 4,26% cunha variación interanual do 0,71%. A maior variación tivo lugar entre 2012 e 2013, un 1% e entre 2015 e 2016, un 0,94%.




Ilustración 10. Evolución do número de bens inmobles e da poboación (2008-2018)




Ilustración 11. Evolución do número de bens inmobles de uso residencia e o número de transaccións inmobiliarias (2004-2018)

Prever a urbanización difusa é un dos obxectivos de sustentabilidade da ordenación do territorio e da planificación urbanística. A planificación debe incorporar a análise dos riscos naturais e antrópicos, presentes que operan sobre un territorio e futuros atendendo ao Cambio climático.

A Avaliación Preliminar do Risco de Inundación (EPRI) como paso previo á revisión do Plan hidrolóxico permite avanzar na necesaria avaliación de riscos naturais nos que poidan apoiarse tanto os instrumentos de ordenación do territorio como os plans sectoriais ou os instrumentos de planificación urbanística, deixando ao marxe do proceso urbanizador aqueles ámbitos que presentes riscos de inundación ou acometendo, cando se trate de núcleos rurais ou solo urbano, medidas para minimizar os danos das avenidas. Así mesmo, servirán de apoio para o desenvolvemento de modelos de xestión forestal que promovan a prevención de riscos ambientais.

O indicador **Risco de asolagamento** analiza os ámbitos que se ven afectados por fenómenos recorrentes de inundación, así como a poboación que pode verse prexudicada se se producen inundacións. A avaliación preliminar realizada no segundo ciclo 2015-2021 indica que aumentan en 74,21 km a lonxitude das ARPSIs fluviais acadando un total de 1.036,03 km, mentres que a lonxitude das ARPSIs costeiras non varían (160,34 km) (Ilustración 12).




Ilustración 12. Lonxitude das ARPSIs fluviais e costeiras por demarcación e en Galicia (km)

Liña estratéxica B: Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio

A **Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia** (Lei 1/2019, do 22 de abril), é a primeira lei galega nesta materia e ten por obxectivo prioritario o de facer dos elementos propios da cultura arquitectónica galega factores de revitalización e dinamización de Galicia. Crea un marco dende o que impulsar e axilizar as actuacións en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas. Considérase que esta lei pode ter un peso relevante, non so para a mellora do desenvolvemento das cidades e vilas galegas, senón tamén, nun senso máis global, para a protección dos valores paisaxísticos das contornas urbanas.

De acordo co establecido na citada lei, o **Plan de dinamización das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe)** é un área de intervención no medio urbano ou rural, continuo ou discontinuo, que precisa dun apoio público para atender á rehabilitación ou á substitución dos edificios. A intervención nestas áreas poderá comprender actuacións de renovación e mellora da urbanización, dos espazos públicos, de dotacións

urbanísticas ou das infraestruturas e servizos urbanos, así como articular medidas sociais, ambientais e económicas que estean enmarcadas nunha estratexia administrativa global, integrada e unitaria.

Desta maneira, o plan de dinamización ten como obxecto coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á dinamización e rexeneración do ámbito de cada Área Rexurbe, impulsando a recuperación da actividade económica, fomentado a mellora da habitabilidade das vivendas e das condicións de vida das persoas residentes, procurando atraer novos habitantes e garantindo a conservación dos valores patrimoniais do conxunto e dos seus elementos singulares.

Nesta liña de fomento da rehabilitación, no marco das **Áreas de Rehabilitación Integral** (ARI), o IGVS en colaboración cos concellos, leva a cabo intervencións sobre conxuntos de edificacións con usos residenciais en situación de deterioro, tanto en medio urbano como rural, que melloran a habitabilidade das vivendas co obxectivo mellorar a calidade de vida dos seus habitantes e ao tempo recuperar o patrimonio edificado.

En 2019 declarouse a ARI Parque Nacional das Illas Atlánticas mediante Resolución de 23 de xaneiro de 2019 (DOG núm.31 do 13 de febreiro de 2019), que comprende 4 concellos (Ribeira, Bueu, Vigo e Vilagarcía de Arousa), dos cales 2 xa teñen declaradas outras ARI no seu termo municipal. Tamén no ano 2019 traballouse para declarar unha nova ARI na Ribeira Sacra, prevista para aprobarse proximamente. Isto fai que sexan 69 as ARI declaradas en 41 concellos¹⁰. En 2019, foron sete os concellos que recibiron case 3 millóns de euros e, por outra banda, realizouse unha convocatoria de axudas para a ARI dos Camiños de Santiago, que comprende un total de 687 parroquias e 126 concellos, cunha dotación de 2 millóns de euros.

Dentro das actuacións de rehabilitación, o IGVS leva a cabo distintas iniciativas, que en 2019 supuxeron a finalización das obras en cinco edificios nas zonas históricas de Betanzos, Lugo e Ourense para poñer en funcionamento 9 vivendas de promoción pública e 2 locais; tamén cabe mencionar a finalización da actuación nun edificio en Cerdedo (Pontevedra) para dúas vivendas de promoción pública. Ademais destas obras finalizadas, iniciá-

ronse no 2019, a rehabilitación integral de 3 edificios para 4 vivendas en Betanzos e a rehabilitación dun edificio para 3 vivendas en Pontevedra.

No ámbito de axudas á rehabilitación de vivendas, baixo diferentes programas, no ano 2019, concedéronse 753 axudas, na liña de comunidades de propietarios de VPP e 928 axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas baixo diferentes programas de rehabilitación, que beneficiarían aproximadamente a unhas 7.624 unidades de convivencia.

No programa de **Infravivenda rural**, 14 concellos recibiron axudas para a rehabilitación de 23 vivendas que se engaden as xa concedidas dende o ano 2016 computándose un total de 62 rehabilitacións de vivendas¹¹ nun total de 23 concellos¹².

No ámbito de actuacións propias en materia de rehabilitación, o Instituto Galego da Vivenda e Solo convocou un concurso público no que os propietarios interesados podían ofrecer os inmobles da súa propiedade para que fosen adquiridos polo IGVS. O Diario Oficial de Galicia publicou o 8 de abril de 2019 a Resolución de 1 de abril de 2019, pola que se acordou realizar unha oferta pública de adquisición, mediante compra, de inmobles situados nos núcleos históricos dos concellos de Betanzos, Ferrol, Ribadavia, Ourense e Tui, para a construción de edificios de vivendas ou para a súa rehabilitación ou renovación.

Como actuación propia en materia de rehabilitación, a Xunta de Galicia adquiriu inmobles en estado de abandono ou semiabandono nas zonas vellas destas cidades e vilas para proceder á súa rehabilitación. Deste xeito, adquiríronse 2 edificios e 3 solares en Ferrol, cunha superficie de parcela de 582 m², 2 edificios en Ribadavia, cunha superficie de parcela de 155 m², e un edificio en Tui, cunha superficie de parcela de 361 m².

No que atinxe ao desenvolvemento da paisaxe galega (Lei 7/2008, do 7 de xullo), de protección da paisaxe de Galicia), no mes de xullo o Consello da Xunta acordou o inicio da tramitación do **Regulamento da Lei da paisaxe** e someteuse a información pública. Este regulamento engadirase as ferramentas para conservar, protexer e poñer en valor o patrimonio paisaxístico de Galicia, achegando concreción, criterios e metodoloxías para mellorar a

¹⁰ A Coruña, Betanzos, Corcubión, Ferrol, Neda, Noia, Mugardos, Muros, Padrón, Rianxo, Santiago de Compostela, Chantada, Lourenzá, Lugo, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Quiroga, Ribadeo, Sarria, Sober, Vilalba, Viveiro, Allariz, Castro Caldelas, Celanova, Ourense, Ribadavia, San Cibrao das Vilas, Verín, Vilar de santos, Xunqueira de Ambía, Baiona, Caldas de Reis, Cambados, Poio, Cangas, Marín, Pontevedra, Tui, Vigo e Vilagarcía de Arousa

¹¹ Importe período 2016-2019: 682.568 €

¹² Boimorto, Pobra do Caramiñal, A Lama, Monterroso, Aranga, A Bola, Cenlle, Silleda, Moraña, Fornelos de Montes, Vila de Cruces, Silleda, O Rosal, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, Campo Lameiro, A Mezquita, Carballeda de Avia, Toques, Dodro, Negreira, Porto do Son, Muras


eficacia da normativa nesta materia. Entre as súas determinacións, cómpre salientar o obxectivo de integrar a concepción da paisaxe nos diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística, e en desenvolvemento da Lei do solo de Galicia regúlase que os ditos instrumentos realizarán un estudo de paisaxe no ámbito a que se refiran, así como tamén regúlase a necesidade dun informe para usos e actividades en solo rústico de especial protección paisaxística.

En coherencia coas Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral, a Xunta está a desenvolver e impulsar a **Senda dos Faros**. Mediante un convenio asinado coa Axencia de Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Instituto de Estudos do Territorio e a Fundación Galicia Sustentable mediante un investimento de 212.000 euros, levarase a cabo a posta en valor dos faros galegos e contribuirase á dinamización das localidades polas que pase a Senda.

A senda ten por obxecto fomentar o descubrimento do litoral, a valorización dos recursos territoriais e a lectura das paisaxes que se van percorrendo. Así mesmo, busca a conexión con outras rutas alternativas que discorren por núcleos asentados na contorna do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido ou esquecido.

O indicador de **Paisaxes abandonadas** amosa a situación dos asentamentos de poboación de Galicia. De acordo coa información recompilada nos padróns municipais do ano 2018, o poboamento galego está configurado por 30.347 entidades singulares de poboación, constituídas por 10.400 núcleos e 20.711 diseminados. A maioría destas unidades poboacionais conta con residentes; destes, 1.789 entidades, 61 núcleos e 1.957 diseminados non teñen habitantes inscritos nos padróns (Ilustración 13). No período 2011-2018, en valores porcentuais, as entidades singulares abandonadas pasaron de representar o 4,7% ao 5,9%; os núcleos, o 0,2% ao 0,6%; e os diseminados, o 7,5% ao 9,5%.

Descendendo ao nivel municipal, os resultados reflicten que 220 dos 313 concellos existentes contan xa con algunha entidade singular baleira, oscilando o dito valor entre 1 e 121.



Porcentaxe de entidades singulares baleiras (2018)



Ilustración 13. Porcentaxe de entidades singulares baleiras nas grandes áreas paisaxísticas (2018)

Nestes anos, suman sete as guías de boas prácticas en materia de paisaxe referidas distintos aspectos de relevancia (núcleos rurais, sistemas praia-duna, valados, cores e materiais, acuicultura, estudos de impacto). No 2019 rematouse a **Guía de estudos da paisaxe urbana** e estanse a elaborar **guías de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractiva** e a **Guía de intervención en espazos públicos**, estas últimas en colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, Universidade de Vigo e Cámara Oficial Mineira de Galicia, e coa Fundación Juana de Vega, respectivamente.

As actuacións para a **mellora e integración paisaxística dos Camiños de Santiago en Compostela**, cun orzamento ao redor dos oito millóns de euros, iniciáronse neste ano 2019 no Camiño Francés nas zonas do Monte do Gozo, San Lázaro, Os Concheiros; no Camiño Portugués, no barrio de Conxo; e no Camiño Inglés, no polígono do Tambre.

En desenvolvemento das competencias en materia de paisaxe sobre o control preventivo dos impactos paisaxísticos negativos das accións sobre o territorio, o Instituto de Estudos do Territorio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, informa aquelas actuacións susceptibles de producir un impacto paisaxístico e así o regula a correspondente norma. En virtude das distintas normas que operan, no ano 2019 emitíronse un total de 774 informes en materia de paisaxe, dos cales 322 respondían ao regulado no artigo 51 do POL; ao abeiro do artigo 36 da Lei 2/2016, foron 73 informes; do artigo 7 da Lei 7/2008, 42 informes; e nos procedementos de impacto ambiental de proxectos, contabilizáronse 190. Os outros 147 informes emitidos refírense a procedementos de avaliación ambiental estratéxica, así como outro tipo de consultas. Destes, en 2019, informáronse 51 estudos de impacto e integración paisaxística.

Liña estratéxica C: Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio

As DOT establecen a mobilidade como un dos elementos estratéxicos do modelo territorial e as infraestruturas como factor de cohesión social e compatibilidade dos territorios e sinalaron a necesidade dunha planificación tanto da mobilidade metropolitana como daqueles sistemas colectivos adaptados ás necesidades de espazos con baixa densidade de poboación.

O **Plan de transporte Público de Galicia**, aprobado a finais de 2018, ten como obxectivo desenvolver un modelo de transporte público, á vez sustentable e eficiente, que dea resposta ás especificidades galegas, tendo en conta a distribución da poboación no territorio e actúe a favor de manter a poboación no rural.

En 2018, o transporte público por estrada acadou preto de vinte millóns de viaxes (19.813.241). O 59,30% das viaxes (11.748.818) corresponden a percorridos nas áreas de transporte metropolitano (ATM), o 27,45% (5.439.128) desenvólvense fóra destas áreas, e, por último, as viaxes feitas por escolares con reserva de praza no transporte público constitúen un 13,25% do total computado (2.625.295) (Ilustración 14).

Os datos analizados (viaxes en e fóra das ATM e viaxes de escolares con reserva de praza no transporte regular) corroboran o diagnóstico que identificaba a tendencia de crecemento da poboación e da actividade económica na zona atlántica de Galicia, reforzándose principalmente nos asentamentos urbanos e metropolitanos das cidades deste eixo atlántico mentres que, de xeito paralelo, a actividade económica descendeu nas zonas rurais, reducíndose tamén a poboación da zona interior.

Nas cinco ATM ata agora definidas, concéntranse máis da metade das viaxes en transporte público por estrada. É na ATM de Ferrol onde se da a maior proporción de viaxes por habitante, con 14,88 desprazamentos por habitante (953.565); cómpre ter en conta que Ferrol carece de transporte urbano polo que unha parte das necesidades de mobilidade dos veciños é atendida polo transporte metropolitano.

Na ATM da Coruña rexístranse 12,32 viaxes por habitante; destacan os traxectos entre A Coruña e Culleredo (618.562), Oleiros (531.296), Cambre (387.572) ou Arteixo (386.126). Na área de Santiago de Compostela acádase 10,85 viaxes por habitante e no enlace Ames-Santiago de Compostela o número de viaxes ascende a 624.086. Na área de Vigo, con 3,04 viaxes

por habitante, destacan os percorridos internos dos concellos de Cangas, (122.701) e Moaña (70.719). Na área de Lugo, é inferior a 1 viaxe por habitante.




Ilustración 14. Distribución das viaxes e modo de pago nas ATM (2018)

As viaxes realizadas fóra das ATM mostran unha concentración ao longo da faixa atlántica; non só entre os nodos máis importantes das áreas urbanas senón tamén desde estas cara ao litoral. As liñas definidas por A Coruña con Santiago de Compostela, Ferrol ou Lugo supoñen case o 6% destas viaxes. En dirección oeste, a península do Barbanza destaca polo vector Santiago de Compostela-Noia-Muros-Fisterra que absorbe un 3,1% do total con 170.508 viaxes, mentres que o formado por Pontevedra-Sanxenxo-O Grove, con 142.548 viaxes, representa o 2,6%. Tamén cómpre salientar os máis de cen mil viaxes entre Santiago de Compostela e a Comarca do Deza cara á Estrada.

En Ourense e contorna sobresaen Ourense-Barbadás, cun 4,5% e máis de 241.000 percorridos no 2018. Na contorna de Lugo, as viaxes entre os concellos do seu ámbito de influencia, fóra das ATM, representan un 1,21% acadando máis de 65.800 desprazamentos.

En relación ás vías de alta capacidade, como elementos estruturantes da mobilidade galega, no ano 2019 entrou en servizo o último treito da autovía do Morrazo AG-46 na provincia de Pontevedra e a variante de Aradas (VG-1.8) na provincia da Coruña. Ademais, na provincia da Coruña atópase en execución o treito da vía Ártabra entre a N-VI e a AP-9. No ano 2020 está

prevista a contratación, na provincia de Lugo, das obras de conversión en autovía do treito Pobra de San Xiao – Sarria Centro do corredor Nadelas-Sarria e na provincia de Pontevedra, das obras do treito enlace A-55 – enlace de Areas da vía de alta capacidade Tui – A Guarda.

Dentro das **actuacións de acceso a plataformas loxísticas para a mellora da mobilidade rexional**, atópase en execución o vial de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas (treito A-52 – N-525). Esta actuación é financiada polo programa operativo Feder Galicia 2014-2020 dentro do obxectivo temático 03 (mellorar a competitividade das PYME, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e da acuicultura (no caso do FEMP), da prioridade de inversión 03.04 (o apoio a capacidade das PYMEs para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais, e para implicarse en procesos de innovación) e do obxectivo específico 03.04.03 (promover a internacionalización das PYMEs).

Así mesmo, no marco da **Estratexia en materia de Mobilidade alternativa** de Galicia e en desenvolvemento das actuacións previstas nas comarcas de A Coruña, Bergantiños, Ferrol, Santiago, Lugo, Terra Chá, Ourense, Morrazo, Pontevedra, Salnés e Vigo na súa correspondente estratexia comarcal aprobada, a finais do ano 2019 atópanse executados un total de 49,12 quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas.

No marco desta estratexia está prevista a execución dun total de 106,5 quilómetros de sendas peonís e ciclistas co obxectivo de promover modos de desprazamento non motorizados alternativos ao coche, mediante a construción de itinerarios para peóns e ciclistas que comuniquen de maneira cómoda e segura núcleos de poboación e centros de equipamento e servizos de uso cotián, tales como centros de saúde ou escolas, entre outros.

As infraestruturas portuarias e plataformas loxísticas contribúen á vertebración da Comunidade Autónoma e desempeñan un papel importante cara a optimización dos espazos para a mobilidade e para o transporte de mercadorías.

Nunha Comunidade Autónoma como Galicia, con máis de 1.500 km de costa, os ámbitos portuarios son elementos que caracterizan a paisaxe litoral galega e constitúen un soporte físico de gran relevancia socioeconómica, vinculada ás actividades relacionadas co mar.

A ordenación destes ámbitos debe priorizar, fronte á construción de novas instalacións portuarias, o acondicionamento dos portos tradicionais e insta-

lacións existentes para acoller novas actividades como as vinculadas á náutica deportiva para preservar o litoral galego en consonancia cos seus valores naturais, culturais, patrimoniais, paisaxísticos e medio ambientais.

Dos 122 portos competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, o 42,6% (52) teñen aprobada unha delimitación de espazos e uso portuarios (DEUP) mentres que o 5,7% (7) están tramitándoa e o 51,64% (63) aínda non dispoñen desta figura na que se enumeran as actividades e instalacións destes ámbitos.

En conxunto teñen delimitada unha superficie, como zona de servizo, de máis de 16 millóns de m² (16.248.527,86); deles, máis do 72,24% corresponden á lámina de auga e o 27,76% restante a superficie terrestre. A superficie media non acada 0,5 hectáreas, máis do 50% dos portos teñen unha superficie inferior ás seis hectáreas e só un 25% (31) superan as dezasete (Ilustración 15).

A superficie terrestre oscila entre os 287.783,3 m² do porto de Burela e os 561 m² de Nois, en Foz; tan só un 25% deles superan as cinco hectáreas e máis da metade non acadan as dúas.




Ilustración 15. Superficies portuarias e número de portos autonómicos (2018)

Analizando as 59 DEUP (aprobadas ou en elaboración), os máis de tres millóns e medio de metros cadrados (3.667.965,03 m²) delimitados se dis-

tribúen nos seguintes usos e porcentaxes: usos complementarios ou auxiliares, un 30,18%; infraestruturas básicas, un 18,00%; usos pesqueiros, un 14,99%; usos non estritamente portuarios, un 7,08%; usos náutico deportivos, un 5,55%; usos comerciais, un 4,17%; transporte marítimo de pasaxeiros, o 0,22% e usos para a protección ambiental, o 0,05%.

No ano 2018, movéronse un total de 1.772.000 toneladas de mercadorías; Cariño (603.000), Ribadeo (542.000) e Brens-Cee (334.000) foron os portos de maior actividade e destaca o incremento acadado en Burela (14.000) por ser porto eminentemente pesqueiro. No Barbanza, destaca o porto da Pobra do Caramiñal pola descarga de túnidos conxelados, que sumados a Ribeira, acadan 129.000 t, ambos peiraos pesqueiros e comerciais.

Da recadación total do ano 2018 (17,3 millóns de euros), as principais fontes foron as tarifas de Pesca fresca, Ocupación de espazos e aproveitamento do dominio público e Embarcacións de lecer. Esta recadación permite o reinvestimento na mellora de servizos e infraestruturas, o que repercute de novo no propio sector portuario.

A Consellería do Mar achega un millón e medio de euros para a modernización dos portos pesqueiros, lonxas e lugares de desembarque, para a mellora da calidade, o incremento do control e a trazabilidade dos produtos desembarcados, así como da eficiencia enerxética. Esta liña, cofinanciada polo FEMP, abrangueu o ano 2019 e se estende ao 2020. Con estas axudas promóvese a dotación e a mellora das instalacións que prestan servizos ás embarcacións e ao sector pesqueiro e marisqueiro.

A mellora das redes dixitais reflíctea o indicador **Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais**; os datos referidos ao ano 2018 reflicten que o 64,70% da poboación galega conta con cobertura de rede de 30 ou mais Mbps, 3,4 puntos por encima que en 2016 (61,3%). No ámbito litoral, acádase o 71,69% da poboación.

O **Plan de Banda larga 2020** asume o obxectivo establecido na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30 Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100 Mbps.

Como medida específica para o rural, creouse a Oficina virtual do medio rural, un portal web para facilitar os trámites relacionados co agro mediante a prestación de servizos en liña de acceso único. O portal da acceso aos distintos servizos e información da Consellería de Medio Rural.

A Xunta iniciou a elaboración da Estratexia Dixital de Galicia 2030 como apoio ao desenvolvemento sustentable. Enmárcase nas políticas europeas para incrementar o despregamento de tecnoloxías dixitais clave a gran escala e promover a súa adopción para que os beneficios da transformación dixital cheguen a todo o mundo.

O investimento da Xunta de Galicia no período 2016-2019 ascendeu a máis de 18 millóns de euros para a implantación de redes ultrarrápidas de 100 Mbps de velocidade nos concellos galegos no ano 2020.

A análise dos datos relativos á contratación de Internet tamén reflicte o impacto positivo das actuacións desenvolvidas no marco do Plan de Banda Larga 2020 da Xunta de Galicia. No ano 2018, a porcentaxe de fogares galegos con Internet contratada situouse no 85,6%, aumentando en 1,5 puntos porcentuais respecto ao ano anterior. Considerando o crecemento no período 2015-2018, cabe salientar que a evolución da contratación de Internet nos fogares galegos (19,7%) é superior ao crecemento estatal e europeo (Ilustración 16).

Segundo o grao de urbanización, a contratación de Internet nas denominadas ZPP (zonas pouco poboadas) medrou 13,1 puntos porcentuais nos últimos catro anos ata acadar o 76,2% dos fogares deste entorno no ano 2018 fronte ao 63,1% do ano 2015. Este incremento experimentado na implantación das TIC nos asentamentos rurais contribúe de xeito decisivo á cohesión e ao equilibrio territorial.




Ilustración 16. Porcentaxe de poboación con cobertura de redes fixas ≥ 30 Mbps (2018)

Liña estratéxica D: Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial

No último ano, Galicia diminuíu un 0,2% a súa poboación, diferenciándose claramente a dinámica no litoral e no interior. A densidade de poboación diminuíu no período 2011-2018 en 3,2 individuos por quilómetro cadrado.

No ano 2018, Galicia contaba con 91,4% hab./km² pero este valor medio oculta a disparidade existente entre distintas zonas. A nivel provincial, os valores son: 33,6 hab./km² e 42,5 hab./km² en Lugo e Ourense, respectivamente (por debaixo do valor medio para Galicia), 140,7 hab./km² e 209,8 hab./km² na Coruña e Pontevedra (por riba do dito valor). A nivel municipal atopamos concellos con 6.353,6 hab./km² (A Coruña) fronte aos 2,7 de Chandrexa de Queixa.

Nas zonas ZPP baixa, a densidade tamén segue decrecendo. Pasouse de 21,8 (2016) a 21 hab./km² (2018). En 2016, a poboación destas áreas supoñía o 19,8% da total mentres que en 2018, baixou ata o 19,2% o que supón unha perda de 0,6 puntos porcentuais nestes dous anos. (Ilustración 17 e Ilustración 18).

As dúas provincias con máis porcentaxe de poboación en áreas pouco poboadas (Lugo co 44,6% e Ourense co 37,3%) son tamén as que máis puntos porcentuais perderon en relación á situación do ano 2016 (0,8 e 1,0 respectivamente) (Ilustración 17). Mentres tanto, este valor baixou medio punto no conxunto de Galicia; 0,4 na provincia da Coruña e 0,2 na de Pontevedra.

Respecto aos concellos que contan con asentamentos con influencia supramunicipal, mentres que no grupo das grandes cidades, a poboación rural mantén o mesmo peso que o ano anterior (e incluso aumentou nalgúns concellos periurbanos), nos SUI mingou 0,2 puntos porcentuais e nos NET 0,4. En relación a 2016, a redución foi de 0,4 e 0,8 puntos respectivamente.

Esta regresión, máis notable no nivel dos NET, vese confirmada cos resultados da poboación residente fóra dos NET, nas periferias rurais, que se reduce a prol dun fortalecemento das capitais municipais como lugares de residencia; de xeito que no ano 2011 estas periferias acubillaban o 57,8% da poboación e agora concentran o 54,3%.

Galicia acusa un desequilibrio territorial en aumento que se caracteriza pola concentración da poboación e da actividade económica nunha porción do

territorio cada vez menor co consecuente debilitamento de amplas áreas. Un proceso que se retroalimenta en distintos aspectos; por unha banda, incrementa considerablemente o custo per cápita na prestación de servizos á poboación, comprometendo a súa viabilidade, e ao mesmo tempo, unha dotación de servizos comparativamente inferior dificulta a fixación de poboación, xerándose unha dinámica difícil de romper. Por outra banda, este desequilibrio leva á infrautilización de activos territoriais con elevado potencial económico, o que redunda nunha perda global de competitividade.

Todo iso enfróntanos ante o desafío de xerar emprego, riqueza e benestar social, mantendo a premisa do equilibrio e cohesión territorial e sen comprometer a sustentabilidade dos recursos naturais. Acadar o que vén denominándose un territorio intelixente, capaz de construír vantaxes competitivas en función das capacidades e identidade propias, é dicir, aproveitar e potenciar as singularidades e características diferenciadoras para convertelas en oportunidades e vantaxes nun marco global.





Ilustración 17. Porcentaxe de poboación provincial na ZPP baixa (2018)

Os resultados dos indicadores sociodemográficos, no contexto do desenvolvemento do modelo territorial de Galicia, apuntan á necesidade dunha planificación estratéxica de carácter integrado para corrixir os desequilibrios territoriais, particularmente nos NET, aos que as Directrices de ordenación do territorio atribúen o papel de acoller funcións urbanas básicas, garantir o acceso da poboación rural aos servizos que a sociedade actual require e para proporcionar unha estrutura de poboamento viable, xestionar o territorio e aproveitar as oportunidades existentes nel.



Variación da porcentaxe de poboación na ZPP baixa (2016-2018)
(en ptos. porcentuais)



Ilustración 18. Variación da porcentaxe de poboación na ZPP baixa (2016-2018)

A Xunta de Galicia ten emprendido diferentes estratexias que poñen o foco na Galicia interior e menos urbana coa finalidade de acadar un equilibrio e cohesión territorial.

Unha delas, vinculada ao próximo Ano Santo, é o **Plan estratéxico do Xacobeo 2021** e os seus dous documentos marco, **a Estratexia de Turismo de Galicia e o Plan director do Camiño de Santiago**, cos que se pretende poñer en valor o Camiño e a cultura xacobeá, aproveitando este evento que vai vertebrar a sociedade galega e reforzar a súa visibilidade no exterior. O Plan estratéxico céntrase en tres áreas (a celebración, as persoas e o Camiño) e en dous eixos transversais (o soporte e a acollida). O primeiro destes eixos ten unha vinculación directa coa liña estratéxica D da política territorial de Galicia, xa ten como obxectivo que o Camiño sexa máis sustentable e encare en mellores condicións o horizonte 2027. É evidente que incrementar a pegada do Camiño no territorio xerará novas oportunidades de desenvolvemento, especialmente no medio rural.

A vertente turística do Xacobeo 2021 vese reflectida en varios eixos e programas. Así, o proxecto **Galicia, apostando pola calidade** ten, entre outros obxectivos, que os espazos públicos singulares ou albergues destas contornas accedan a un certificado de calidade. Entre outras accións, recolle a instalación de pictogramas ou a edición dun catálogo guía da accesibilidade para os locais e establecementos.

O **Plan Termal** e o **Plan de Turismo de Saúde** naceron con vocación de fomento e innovación, aproveitando unha das grandes fortalezas de Galicia como destino turístico e de ocio. Ademais de activarse a promoción nacional e internacional, neste contexto estase a apoiar a cátedra de Hidroloxía Médica da USC, creouse unha ferramenta informática de xestión dos históricos clínicos nos balnearios, mellóranse as infraestruturas termais e sinalízanse as vilas termais.

A formación e o I+D+I tamén están presentes en **Galicia sabe**, a folla de ruta para o turismo enogastronómico, con actuacións para os próximos catro anos, que teñen como obxectivo impulsar o recoñecemento deste sector como un elemento esencial da identidade cultural; promover o emprego de produtos locais de proximidade e tempada; implicar aos axentes que participan na cadea de valor; mellorar a competitividade, a innovación e a creación de produtos; así como reequilibrar o desenvolvemento territorial, aproveitando os recursos da produción alimentaria do interior e dinamizando territorios vitivinícolas. Entre outras accións, están en marcha o primeiro itinerario da Mel e do Queixo, que permite coñecer 13 concellos lucentes, e

o Mapa de Valor da Enogastronomía de Galicia con máis de 2.200 recursos identificados.

O Goberno galego, a través de cinco departamentos, impulsa o novo **Plan MAT de Mellora de Aloxamentos Turísticos** co obxectivo de seguir configurando un destino máis competitivo e que aposte pola calidade. Así, están presentes a Presidencia da Xunta, a través de Amtega; a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape e do Inega; a Consellería de Cultura e Turismo, que coordina as diferentes accións; a Consellería do Medio Rural, a través de Agader, e a Consellería do Mar. A través das distintas liñas de axudas e das numerosas actuacións previstas preténdese impulsar e estimular a innovación, a accesibilidade e a dixitalización deste sector.

En concreto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), impulsou a principios do ano o programa **Reforma TUR 2019**, unha iniciativa que conta cun investimento de tres millóns de euros para facilitar a mellora e modernización de servizos de 500 establecementos hoteleiros galegos en especial de cara ao vindeiro ano Xacobeo 2021.

Por outra banda, a Consellería de Cultura e Turismo impulsou, mediante unha orde de subvencións dun millón de euros, a mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento regrado da Comunidade, dirixida a accións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas; obras para a optimización das instalacións coa finalidade de obter certificacións de calidade, en especial a Q de Calidade Turística; ou actuacións para incrementar a clasificación do establecemento e elevar a súa categoría.

Outra das accións para o impulso á actividade turística sustentable, innovadora e con potencial desestacionalizador está dirixida a mancomunidades, consorcios locais con competencias en turismo, agrupacións de concellos, grupos de desenvolvemento rural ou asociacións con persoal técnico en turismo contratado. Preténdese a dinamización turística dos territorios a través de actuacións que afonden na planificación, a creación e consolidación de produtos turísticos no xeodestino de que se trate, diversificando a oferta turística e, particularmente, co obxectivo de conseguir dinamizar as economías locais, contribuír a poñer en valor os recursos naturais, culturais e etnográficos e conseguir que se sexa un instrumento eficaz de reequilibrio territorial no rural galego. Esta acción conta cun investimento dun millón de euros en axudas convocadas para o 2020,

Pola súa banda, para a diversificación da oferta turística e que esta actividade contribúa significativamente ao desenvolvemento socioeconómico, particularmente no rural, a Consellería de Cultura e Turismo convoca axudas para a mellora das infraestruturas turísticas do rural. O financiamento está orientado as actuacións que realicen os concellos para a mellora dos accesos, recuperación e tratamento paisaxístico, iluminación ou actuacións nos bens de interese cultural e o importe destas axudas ascende a 9 millóns entre os anos 2019 e 2020.

Outra liña de fomento dun turismo desestacionalizado e diversificado é a do programa **Eluxe Galicia**, mediante o financiamento parcial das estadias en catro modalidades: vacacións en zonas costeiras, rutas de patrimonio histórico e cultural, rutas de natureza e montaña, e estadias en balnearios fóra da época de verán e Semana Santa.

O **Plan de acción estratéxico da Ribeira Sacra**, tamén inclúe accións para o fomento dun turismo sustentable. Desenvolverase unha ruta de árbores con historia para a posta en valor do patrimonio natural constituído polos elementos do Catálogo galego de árbores senlleiras, de xeito similar ás xa existentes en Santiago-Rías Baixas, Ourense-Occidental e Ourense Oriental.

Todos estes esforzos teñen como finalidade reforzar o turismo, que supón na actualidade o 10,4% do produto interior bruto de Galicia e o 11% dos postos de traballo. En concreto, o turismo interno experimentou un importante crecemento no último lustro, cifrado no 15,4% desde o 2013. No ano 2018, supuxo preto de 1,4 millóns de viaxeiros que realizaron ao redor de tres millóns de noites. No contexto nacional, o turismo medra un 0,9% mentres que en Galicia o incremento é dun 6,5%.

O indicador **Intensidade turística** amosa unha evolución crecente nos tres parámetros, é dicir, tanto na oferta de prazas, como nas pernoctacións ou no índice de poboación turística. Os visitantes foráneos representan o 73% do total; en 2018 sumáronse 22.600 prazas nos establecementos turísticos regrados, o que supón un incremento do 14,3% acadando a cifra de 180.607 en 2019, que supoñen 6,1 prazas por km² cun grado alto de heteroxeneidade na súa distribución xeográfica como o acredita o valor de 1,7 da mediana dos valores municipais.

Este aumento rexistrouse nos tres niveis de asentamentos con influencia supramunicipal: 3,5 prazas/km² nas grandes cidades, 1,2 no SUI, 0,3 nos NET, aínda que nestes últimos, o valor continúa por debaixo do valor de Galicia.

A demanda pasou de 340 a 361 pernoctacións/km² e a dos turistas de fóra de 242 a 262, sinalando a evolución especialmente positiva nos destinos máis demandados (A Coruña e As Mariñas e Ría de Arousa).


Outro dato que sinala o indicador é a concentración espacial; cómpre apuntar que o 66% da oferta e o 62% da demanda turística sitúase nos concellos costeiros. A esta concentración espacial sumáselle a concentración temporal, máis acusada no litoral que no conxunto de Galicia.

Os concellos que forman parte do ámbito de xestión do Plan de ordenación do litoral dispoñen de 119.168 prazas en aloxamentos turísticos regrados, case un 17% máis que o ano anterior. Todos e cada un deles aumentaron a súa oferta turística durante o 2018, así que a intensidade da oferta neste espazo elévase a 47,4 prazas por km de costa (40,6 en 01.01.2018). A demanda elévase a 2.618 noites por km de costa (528 máis que en 2011) e, discriminado o turismo interior, a 1.887 (456 máis que en 2011); un aumento observado en todos os destinos agás en Ría e Terras de Pontevedra, onde só aumentou o turismo receptor.

É salientable a escasa oferta turística en algúns nodos para o equilibrio territorial que, con todo, teñen un alto potencial en valores naturais e culturais como poden ser Viana do Bolo (0,5 prazas por km²), Bande (1,1), Vímianzo (1,5), Celanova (1,6), Castro Caldelas (1,6) ou Mondoñedo (2,3), entre outros.

No ámbito do **Camiño de Santiago**, a oferta é similar á media galega, con 6,1 prazas /km² e un valor da mediana de 6,6 aínda que pode apreciarse significativas diferenzas entre os diferentes camiños. Así, no Primitivo o valor sitúase en 0,7 prazas/km² mentres que na costa pode ascender ata as 55,2 prazas/km² (Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla) (Ilustración 19).

A análise da evolución das compostelas amosa que o aumento do número de peregrinos contribúe ao dinamismo económico, social e cultural deste ámbito territorial, especialmente nas rutas onde o índice de poboación turística é maior, como sucede no Camiño Francés. Así mesmo, o pulo extraordinario que está acadando o Camiño Portugués contribúe a darlle máis protagonismo a Galicia no exterior.



Intensidade da oferta turística nas rutas do Camiño de Santiago (01.01.2019)

Prazas por km²: 0,7 - 1,4 (azul claro), 1,5 - 3,0 (azul), 3,1 - 7,6 (azul escuro), 7,7 - 13,1 (negro), 13,2 - 55,2 (negro)

7 grandes cidades (excluídas dos cálculos)

Ilustración 19. Intensidade da oferta turística nas rutas do Camiños de Santiago (01.01.2019)


No que se refire á **Estacionalidade turística**, o indicador reflicte que a demanda desestacionalizouse algo durante o ano 2017 pero aínda se mantén en valores superiores aos detectados no momento en que se comezou a medir no ano 2013. Por outra parte, os datos revelan que os turistas procedentes de fóra de Galicia teñen un comportamento algo menos estacional que o dos turistas interiores e que na costa hai máis estacionalidade que no interior (Ilustración 20).

Atenuar a concentración temporal e espacial da demanda turística supón, pois, un reto que precisa solucións enxeñosas, ás veces totalmente novidosas, pero tamén poden consistir en novos xeitos de enfocar o aproveitamento dos elementos presentes no territorio —alén do sol e do mar— que se poidan desfrutar en períodos breves ou fóra da tempada alta. Un destes recursos é o patrimonio cultural, ao redor do que se poden organizar actividades diversas e motivadoras para os visitantes, sempre dun xeito respectuoso, racional e sustentable. Pero para que se poidan desenvolver iniciativas de este tipo é preciso protexer, conservar e restaurar ou rehabilitar os bens que o requiran.

Neste sentido, cabe recordar o antedito **Plan de acción estratéxico da Ribeira Sacra** está a impulsar as declaracións de Reserva da Biosfera e Patrimonio Mundial da Humanidade desta zona, que conta co recoñecemento de ben de interese cultural, ademais de fomentar un turismo sustentable. Integra dez proxectos de distinta natureza para promover o máximo coidado dun ámbito de alto valor ambiental e cultural. O investimento público previsto é de 3,5 millóns de euros nos orzamentos do ano 2020. As accións abranguen a redacción de instrumentos de ordenación territorial e programas de rehabilitación en materia de vivenda.

Unha das accións é o **Plan de ordenación do medio físico da parroquia de San Fiz de Asma**, en Chantada. Este plan conterá unha ordenación integrada tendo en conta as características diferenciais do ámbito e destacando os seus valores naturais, ecolóxicos e paisaxísticos como soporte de actividades de carácter agropecuario, forestal, ecolóxico, recreativo, cultural ou científico.

Outra das accións é o **Plan territorial integrado para os catorce concellos con maior protección no BIC Paisaxe cultural Ribeira Sacra** e, no marco do **Plan Hurbe**. Destinaranse 1,3 millóns de euros ata o 2021 para proxectos de recuperación de espazos de elevado interese patrimonial que se atopen cun alto nivel de deterioración.



Porcentaxe de pernoctacións en temporada alta, media e baixa (2017)




Ilustración 20. Porcentaxe de pernoctacións por xeodestino e temporada (2017)

A estratexia contén a declaración dunha **ARI xestionada polo Consorcio da Ribeira Sacra** e integrada por 25 concellos, os incluídos na área de estudo do expediente remitido á Unesco no marco da candidatura a Patrimonio da Humanidade. Declarará unha área de rexeneración urbana de interese autonómico, figura creada pola nova Lei de rehabilitación de Galicia.

En materia de paisaxe, as áreas de especial interese paisaxístico Canón do Sil e Canón do Miño unificaranse; porase en marcha un pacto pola paisaxe cun investimento de 700.000 € e horizonte temporal 2021, e levarase a cabo un plan de acción da paisaxe en ámbitos de especial interese paisaxístico.

Completarase o Plan de acción estratéxico da Ribeira Sacra con accións de sensibilización ambiental no marco do **Programa Voz Natura** para centros escolares da zona; estes centros poderán colaborar na recuperación de viñedos e zonas degradadas coas comunidades de montes en man común no período 2020-2024.

Outro dos aspectos relevantes para o equilibrio territorial é a distribución no territorio do solo empresarial, capaz de propiciar unha diversidade de actividades económicas que evite ou reduza a excesiva polarización nas grandes cidades. O **Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais** incorporou o modelo do sistema de asentamentos das DOT, de xeito que os tres niveis inclúan solo empresarial de influencia supramunicipal co fin de posibilitar a localización de novas iniciativas dinamizadores da industria.

No ano 2019 púxose en servizo a fase 1 da LE da Plataforma Loxística Industrial en Salvaterra e As Neves (PLISAN), que conta cunha superficie de 1.550.427 m², e se está traballando para preparar a fase 2 da mesma con 283.057 m². No ano 2019 o IGVS e a empresa pública Xestión de Solo de Galicia-Xestur S.A. licitaron e executaron parte das obras do proxecto de urbanización do Parque de actividades económicas de Arteixo, cunha superficie de 1.528.310 m².

A actividade empresarial precisa un coñecemento preciso do solo dispoñible para soporte da actividade económica. A estes efectos, iniciouse a tramitación do **Censo do solo empresarial de Galicia** que permitirá ter información precisa e actualizada da superficie dispoñible de solo empresarial para as empresas que decidan desenvolver en Galicia a súa actividade. Actuará como instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial e estará dispoñible na páxina web do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

No eido da conciliación familiar, o programa de **Casas niño no rural**, para municipios de menos de 5.000 habitantes, sumará 15 casas niño novas este ano 2019.

Os datos da actividade económica nos nodos de equilibrio territorial –NET, nivel do sistema de asentamentos que garante os servizos de proximidade ás zonas máis rurais indican, por unha banda, no que atinxe á **actividade comercial**, unha estabilidade en relación ao número de establecementos comerciais por habitante e, por outra, o indicador de **Poboación ocupada por ramas de actividade** amosa que o sector primario –o máis vinculado á matriz territorial- continúa perdendo peso. De feito, o emprego agropecuario, que supón o 4% do total, decreceu en 262 dos 313 municipios (no 84%), dato que está a subliñar a realidade do abandono do rural e tamén un cambio no manexo cunha menor necesidade de man de obra ao incorporar as novas tecnoloxías.

A análise, segundo as distintas ramas e sectores, ofrece datos relevantes para as zonas máis vinculadas co mundo rural ou máis afastadas dos polos máis urbanizados da Comunidade.

No que se refire á distribución ocupacional por grandes sectores de actividade económica, no nivel dos Nodos de equilibrio territorial e no espazo rural (concellos clasificados como ZPP baixa) destaca o peso da actividade agroforestal, supoñendo o 11,1% (NET) e o 16,7% (rural) das afiliacións totais á Seguridade Social nos seus ámbitos territoriais fronte ao 4% de valor medio para Galicia. Así a todo, a súa tendencia é descendente; no período 2011-2018 pasou dun 19,5% no mundo rural ao dito 16,7%, unha diminución máis significativa que no conxunto de Galicia (-0,9 puntos).

Así mesmo, nestes espazos o peso relativo que no conxunto de Galicia teñen sectores como o da construción (7,4%) ou o da industria (14%) acada o 9,7% e o 14,5% respectivamente; ámbitos onde a desindustrialización é menos intensa que naqueles con maior grao de urbanización e naqueles municipios con nodos do primeiro e segundo nivel –áreas urbanas e sistema urbano intermedio. Porén, a tendencia destes dous sectores tamén é descendente en todos os ámbitos considerados.

O contrario sucede co sector servizos que ten un peso inferior nos ámbitos máis rurais, un 63,3% nos NET e un 58,4% no ámbito rural fronte ao 72,6% no conxunto da comunidade. A evolución –dende que se aprobaran as DOT– foi crecente -5,2 e 5,7 puntos porcentuais respectivamente, ao igual que no resto de ámbitos, e superior ao incremento medio correspondente a Galicia, que foi de 4 puntos.

No ámbito da pesca extractiva, o último resultado rompeu a tendencia descendente dende 2011, situándose en 2017 en niveis próximos a 2013.


O sector industrial, porén, presenta un comportamento desigual a nivel territorial; perdeu peso no 52% dos concellos, principalmente en concellos que contan con nodos do primeiro e segundo nivel de asentamentos (o 100% nas áreas urbanas e no 68% dos sistema urbano intermedio) mentres que nos do terceiro nivel (NET) a porcentaxe descende ata o 42%.

O sector terciario é o que mellor comportamento amosa no período 2011-2018. En 2011, estaban vinculadas a este sector o 68,6% das afiliacións e en 2018 xa supoñían o 72,6%. Ademais, o seu peso respecto aos totais municipais só diminuíu en 4 municipios ourensás da ZPP baixa, que non só perderon poboación residente, senón tamén afiliacións a Seguridade Social; e xeraron PIB municipais por debaixo da media dos concellos galegos

Volvendo aos NET e aos concellos con menor grao de urbanización, en 16 dos 26 NET e en 52 concellos da ZPP (clasificación GU2016) aumentaron as afiliacións en alta laboral, particularmente naqueles que se sitúan nas periferias urbanas como Miño, San Cibrao das Viñas, Ames ou O Porriño e contan con polígonos de solo empresarial.

A evolución relativa nos cinco principais sectores de actividade nestes concellos ten en común o incremento no sector servizos –agás en Cerceda e Muros, entre 0,4 e 12,9 puntos porcentuais, e a diminución no sector da construción, entre -5,6 e 0,7. O sector agropecuario diminuíu en 114 dos 137 concellos que aumentan as afiliacións nese período, máis acusada en concellos da ZPP baixa como Negueira de Muñiz, Sandiás, Monfero, Castro de Rei, Val do Dubra, Dumbría....(Ilustración 21 e Ilustración 22)


Os outros dous sectores de actividade (pesca e industria) presentan situacións moi diversas. Así, o peso da pesca minguou en 45 municipios e creceu noutros 13, neste caso por baixo do punto porcentual de diferenza entre 2011 e 2018. En canto ao emprego industrial, 61 concellos experimentaron un incremento relativo mentres que 76 sofren o seu declive.



Rama de actividade predominante por concello (2018)

- AAPP, Educación, Sanidade e outros servizos
- Agricultura, gandería e silvicultura
- Comercio, transporte e hostalería
- Industrias extractivas e fabricación doutros produtos minerais non metálicos
- Pesca e acuicultura

Ilustración 21. Rama de actividade predominante por concello (2018)



ZPP baixa
Evolución da porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector agroforestal (2011-2018)

- Perdeu peso relativo no seu concello
- Gañou peso relativo no seu concello

Ilustración 22. Evolución da porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector agroforestal no medio rural (2011-2018)

Liña estratéxica E: Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural

Á Consellería de Medio Rural correspóndenlle as actuacións de potenciación do sector primario no medio rural, nun contexto que pon de manifesto a necesidade de actuacións en prol dun sector agroforestal eficiente e sustentable.

O **Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020** é unha das ferramentas básicas para propiciar a dinamización do rural en todas as súas facetas. Para atender ás prioridades que establece a normativa comunitaria de desenvolvemento rural, o programa leva a cabo accións a través de diversas medidas.

Estas medidas e submedidas atenden, por unha parte á viabilidade das explotacións, o relevo xeracional, a creación de empresas e a transferencia de coñecemento e investimento en I+D+I, así como na transformación e comercialización dos produtos agrarios ou a mellora das infraestruturas agroforestais e mesmo a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información.

Noutras medidas, aténdese á prevención dos danos por incendios, á conservación dos ecosistemas e das razas autóctonas, á captura de carbono ou aos pagos polos compromisos agroambientais e climáticos; á rehabilitación do patrimonio cultural e natural das paisaxes rurais e das zonas con alto valor natural, e medidas de apoio á realización de operacións, conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo.

No que se refire á **Transferencia de coñecementos e á innovación na agricultura e silvicultura**, ata o 2018, foron 14.925 os participantes en actividades de formación e pagáronse axudas para a creación e funcionamento de 126 grupos operativos da Asociación Europea de Innovación (AEI) en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas.

Para reforzar os lazos entre a agricultura, a produción de alimentos e a silvicultura, por unha parte, e a investigación e a innovación, por outra, para, entre outros fins, conseguir una mellor xestión e mellores resultados medioambientais, financiáronse ao longo do exercicio 76 accións de Cooperación, correspondendo 33 a proxectos de grupos da AEI.

A **Mellora da viabilidade das explotacións** e a competitividade dos distintos tipos de agricultura, a promoción da innovación tecnolóxica ou a xestión

sustentable dos bosques son outras das prioridades. O programa contribuíu principalmente á reestruturación das explotacións agrarias a través da realización de investimentos para a reorganización da propiedade de 48.259 propietarios e 60.794 ha.

Igualmente, no 2018, financiáronse 498 operacións de axuda a investimentos nas explotacións agrícolas (429 de investimentos en explotacións agrícolas, 69 para o fomento da utilización de maquinaria en réxime asociativo e 8 para instalacións e equipamentos en común) e 158 operacións de axudas destinadas á creación e desenvolvemento de pequenas explotacións agrícolas.

Para **facilitar o relevo xeracional**, ata o ano 2018, a través das axudas á incorporación de mozos e mozas na actividade agrícola, aprobáronse 1.468 solicitudes que acadaron xa a incorporación efectiva dun total de 979 agricultores mozos e mozas.

Outra das prioridades é a **Transformación e a comercialización de produtos agrícolas**. Neste aspecto, ao longo do 2018, 996 explotacións incorporáronse a algún réxime de calidade, das cales o 56% corresponden á IXP Tenreira Galega e o 26% á IXP Vaca e Boi de Galicia que, xunto ás da Agricultura ecolóxica, representan o 96% do total das incorporacións. Así mesmo, leváronse a cabo 96 accións de promoción que involucraron a 23 asociacións e consellos reguladores, para a promoción e mellora da comercialización en diversos sectores como o viño, agricultura ecolóxica, carne, mel, pataca, ...

Outras accións desenvolvidas no ano 2018 enmárcanse en axudas para o investimento en **transformación e comercialización de produtos agrarios**, das que se realizaron pagos a 142 expedientes, dos cales 91 son proxectos finalizados.

No 2018, no que atinxe á **Mellora e conservación dos ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura, sistemas agrarios ou o estado das paisaxes**, financiáronse 172 proxectos que promoven accións de conservación de especies e hábitats, a eliminación de especies invasoras e a posta en valor da paisaxe mediante a conservación de elementos singulares.

Na submedida de **Estudos e investimentos vinculados á rehabilitación do patrimonio cultural e natural das paisaxes rurais e das zonas con alto valor natural**, en 2018, financiáronse 15 proxectos que foron realizados directamente pola Administración autonómica.

Para a **Prevención de danos causados polos incendios forestais, de-sastres naturais ou catástrofes** durante o ano 2018 executáronse convenios de colaboración con entidades locais para realizar traballos preventivos sobre 14.318 ha e actuouse sobre outras 8.111 ha en montes veciñais en man común e nas SOFOR mediante axudas para a prevención de danos causados aos bosques por incendios.

Na submedida de **Pagos por compromisos agroambientais e climáticos** efectuáronse pagos a 80 explotacións para manter e aumentar a distribución de abellas melíferas na comunidade autónoma, contribuíndo positivamente no incremento da polinización de determinadas especies vexetais, facilitando a conservación da diversidade da flora de montaña e incidindo, polo tanto, na biodiversidade e no mantemento da paisaxe.

No 2018 recibiron apoio 200 explotacións para o **mantemento de rabaños de razas autóctonas en perigo de extinción** e leváronse a cabo 33 operacións para a conservación de recursos xenéticos tanto en agricultura como en gandería.

Para o **Apoio e mantemento de explotacións en áreas con limitacións naturais**, no 2018, leváronse a cabo compensacións que permiten continuar co aproveitamento das terras agrícolas en 292.632 ha, contribuíndo así a evitar o abandono e conservando a biodiversidade ligada á actividade agraria tradicional.

O **Fomento do cambio de prácticas agrícolas convencionais a agricultura ecolóxica** incidiu sobre un total de 2.218 ha. As axudas para o mantemento da agricultura ecolóxica afectaron a 5.640 ha e a 204 explotacións agrícolas, a maioría delas de gandería ecolóxica.

O **Fomento do pastoreo e da gandería extensiva** supuxo que 100.362 ha se beneficiasen das axudas para a extensificación de vacún de leite e á xestión sustentable de pastos.

Respecto á Submedida de **Apoio aos investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas**, incluídos os investimentos en enerxías renovables e de aforro enerxético, no 2018 financiáronse 181 operacións de creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa.

Para **Fomentar a conservación e captura de carbono nos sectores agrícola e forestal**, en 2018 realizáronse pagos a 75 proxectos para a creación de superficies forestais e a 4 para o establecemento de sistemas agroforestais. Igualmente, coa Axuda a investimentos para **incrementar a**

capacidade de adaptación e o valor medioambiental dos ecosistemas forestais pagáronse 127 operacións que afectaron a 1.152 Has.

Coa prioridade de **Promover a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais**, no 2018, percibiron axuda 50 operacións para á creación de empresas para actividades non agrarias en zonas rurais e aprobáronse 115 operacións para a realización de investimentos en actividades non agrarias, o que supuxo a creación de 81 empregos.

Ademais, pagáronse axudas para **investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais** a 182 operacións.

Co obxecto de **Promover o desenvolvemento local nas zonas rurais** financiáronse 60 proxectos de pequenas infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento, depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais.

No que atinxe á **estratexia de desenvolvemento local participativo** Leader, na que participan na súa xestión os Grupos de Desenvolvemento Rural, no ano 2018 financiáronse 525 operacións das cales 296 corresponden a proxectos rematados e que xeraron o equivalente a 163,47 empregos a tempo completo.

Finalmente, para **Mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías da información e a comunicación** (TIC), así como o seu emprego e a súa calidade nas zonas rurais, rematáronse 4 operacións relacionadas coa contratación de servizos de banda larga ultrarrápida dirixidas a empresas illadas en zonas rurais. Ademais, financiáronse actuacións para a extensión de redes de banda larga de nova xeración de moi alta velocidade en polígonos industriais e en entidades singulares de poboación.

A **Agricultura ecolóxica** mantén a tendencia crecente dos últimos anos. A finais do 2018 o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica (CRAEGA) tiña inscritas 49.187 ha dedicadas a este tipo de produción fronte ás 31.916 ha do ano anterior. No período 2011-2018, o incremento foi do 221% de superficie inscrita.


Os datos a nivel concello son moi dispares como o pon de manifesto a diferenza entre o valor medio (139,17 ha) e a mediana (55 ha) computando só os concellos con superficie dedicada a este tipo de cultivo; a agricultura ecolóxica está presente no 71,2% dos concellos de Galicia, oscilando entre unha hectárea e as case 5.000, e máis do 46% atópase na provincia de Lugo (Ilustración 23).

O valor da mediana, computando os concellos con superficie dedicada a este tipo de cultivo é de 55 ha; case un 25% destes concellos superan as 250 ha e outro 25% non acada as 12 ha. Un dato relevante é o incremento que sufriu o valor da mediana respecto de 2017 rexistrando un incremento de máis de 25 ha. aínda que só en dez concellos se superan as 1.000 ha

Cabe resaltar que este crecemento ven xerado de forma maioritaria pola expansión da gandería extensiva en base a prados e pasteiros; o 79,4% desta superficie está caracterizada no SIXPAC con un uso forestal, pasteiro, pasteiro arbustivo ou pasteiro con arboredo. Son maioritariamente superficies dedicadas ao pastoreo, a apicultura ou á produción de froitos (castañas).

A **Especialización gandeira**, a partir dos datos do Rexistro de Explotacións Gandeiras, reflicte que os subsectores con máis peso son as aves (51,1%) con 1.106.507 UG e o vacún (36,7%) con 785.346 UG, representando máis do 87% no conxunto da cabana. Os subsectores porcino (8,7%), equino (1,9%), o ovino-caprino (0,9%) e cunícola (0,1%) acadan pouco máis do 12% da cabana.

Ao analizar a evolución do indicador entre 2013 e 2018, obsérvase unha perda de importancia do sector avícola ao diminuír un 5,3% no período 2013-2018 mentres que os subsectores vacún e porcino rexistraron aumentos do 4,1% e do 1,2% respectivamente. O incremento de especies que empregan o soporte territorial ten unha incidencia positiva nun contexto de abandono do manexo do territorio como é o que existe en Galicia dende hai décadas.



Superficie rexistrada en agricultura ecolóxica (ha) (2018)

0 0 - 300 300 - 800 800 - 2.000 2.000 - 4.654

Ilustración 23. Superficie rexistrada en agricultura ecolóxica en ha (2018)

O indicador de **Carga gandeira** está moi relacionado coa sustentabilidade dos sistemas agrarios ao relacionar a cabana gandeira co territorio que a sustenta. A carga gandeira en Galicia, tendo en conta todas as especies, é de 3,00 UG por hectárea de superficie dedicada a cultivos, prados e pasteiros, dúas décimas menor que no ano 2017, mentres que o valor descende a 1,18 cando se ten en conta as especies bobina, ovina, caprina e equina, aquelas cunha maior dependencia da base territorial e dos recursos forraxeiros. Dende o 2013, a carga gandeira permanece estable rexistrando unha variación do valor medio para Galicia de tan só tres décimas (Ilustración 25).

As cargas máis elevadas concéntranse na provincia de Ourense (7,95) computando todas as especies mentres que se atende a ruminantes e equinos, é Lugo onde se alcanza o valor máis alto (1,48) (Ilustración 24).





Ilustración 24. Carga gandeira (2013-2018)

No que se refire a distribución municipal por provincias da carga dos ruminantes e equinos, cabe apuntar que dos 93 concellos da Coruña, 21 non chegan a 0,5 UG/ha e 49 non chegan a 1 UG/ha. Na provincia de Lugo, dos 67 concellos, só catro non chegan a 0,5 e 12 non chegan a 1 UG/ha. En Ourense dos 92 concellos, 56 non chegan a 0,5 UG/ha e 86 non chegan a 1 UG/ha. En Pontevedra, dos 61 concellos, 35 non chegan a 0,5 UG/ha e 51 non chegan a 1 UG/ha.



Carga gandeira bovino, ovino, caprino, equino, avícola, porcino e cunícola no ano 2018



Ilustración 25. Valores da carga gandeira total municipal (2018)

O indicador de **Especialización agrícola** aborda a evolución cuantitativa e cualitativa da superficie ocupada por cultivos, factor de gran relevancia para a rendibilidade e a sustentabilidade das explotacións.

En termos absolutos, entre os anos 2011 e 2018 a superficie de cultivo en Galicia (tendo en conta as rotación de cultivos na mesma parcela e o mesmo ano) mantívose practicamente invariable, sendo este último ano de 890.636 ha (Ilustración 26).

Os grupos de cultivos maioritarios en Galicia son os prados e pasteiros e os forraxeiros (Ilustración 27 a Ilustración 28). Son tamén os principais nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra mentres que en Ourense os forraxes tenden a desaparecer e gañan peso os cereais de inverno (gran), grupo que ocupa o terceiro posto en importancia en Galicia, con 36.407 ha, seguido do viñedo con 24.629 ha.





Ilustración 26. Evolución dos grupos de cultivo (2011-2018)


A ordenación forestal é un indicador que reflicte o nivel de xestión do monte galego. A **Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal** no ano 2018 incrementou en algo máis dun 1% o dato de 2017 acadando un 11,4% da superficie arborada, desarborada e de pasteiro. Esta porcentaxe é maior nas provincias de Pontevedra e Ourense (18,08% e 12,84%) mentres que Lugo baixa ata o 10,83% e A Coruña é inferior ao 7% .



Superficie de cultivos forraxeiros (ha) en 2018



Ilustración 27. Superficie de cultivos forraxeiros en ha (2018)



Variación da superficie de cultivos forraxeiros (2013 - 2018) en ha




Ilustración 28. Variación da superficie de cultivos forraxeiros en ha (2013-2019)

A evolución destes datos –dende a aprobación das DOT- indica que o incremento foi de 3,39 puntos porcentuais pasando de 164.118 hectáreas a 234.745 hectáreas que contén con algún instrumento de ordenación ou xestión forestal, moi lonxe dos niveis desexables que garantan unha rendibilidade axeitada dun recurso do potencial do forestal galego.

No que atinxe ao sector pesqueiro, este veuse apoiado polo programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca cun orzamento de 8 millóns para o ano 2019 e un total de 22,6 ata o ano 2021. Estes fondos, para a dinamización das zonas costeiras, canalizados a través dos **Grupos de Acción Local** do Sector Pesqueiro, aplícanse a proxectos que favorezan a creación de emprego, a incorporación de xente nova ao sector, a diversificación da actividade ou ao aproveitamento do patrimonio medioambiental.

No período 2016-2018 aprobáronse 301 proxectos con achegas públicas de máis de 19 millóns de euros que supoñen da orde de 267 novos empregos directos.

As Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de ordenación do litoral sentan as bases sobre as que desenvolver a pesca como una das actividades estratéxicas da economía galega e sector clave dalgúns territorios litorais que requiren que as actividades que se realicen nestes ámbitos litorais sexan compatibles coa conservación dos ecosistemas produtivos.

A xestión da capacidade da frota constitúe un dos principais obxectivos da política pesqueira común para traballar na liña da sustentabilidade. O indicador **Capacidade pesqueira** permite o seguimento do ODS 14 da Axenda 2030 e da Política Pesqueira Común (2014-2020) coa que están aliñadas as DOT.

Neste contexto, a frota pesqueira española continuou co seu axuste progresivo, reducíndose no período 2011-2018 un 14,59% en número de embarcacións, un 16,91% en arqueo e un 36,44% en potencia (kW). Aínda que en menor medida, a frota pesqueira galega tamén decreceu no intervalo 2011-2018; un 7,66% no número de buques pesqueiros inscritos; un 16,09% no arqueo e un 7,59% en potencia.

En 2018 e no conxunto español, Galicia destacou por número de buques (4371), seguido de Andalucía (1.442) e Canarias (766). En arqueo total e potencia, destacaron Galicia (137.830 GT e 276.418 kW), País Vasco (87.232 GT e 139.367 kW) e Andalucía (30.181 GT e 103.997 kW).

O descenso experimentado na frota galega, atendendo ao tipo de pesqueira, é especialmente acusado nas comunitarias, cun descenso do 27,8%

respecto de 2011. Por zona administrativa, a Mariña lucense e Fisterra son as que rexistraron os maiores descenso, chegando ao -17,7% en ámbolos dous casos.

A única zona na que medrou o número de buques inscritos foi na de Muros, cun 2,8% de incremento relativo, mantendo unha tendencia lixeiramente ascendente nos últimos anos de estudo.

Porén, a produción acuícola presenta unha evolución positiva tanto en toneladas producidas como no seu valor económico. O indicador **Especialización acuícola** recolle que a produción incrementouse un 22,9% no período 2011 – 2018 mentres que o valor económico experimentou un incremento do 18,4%.

Neste último ano 2018, dos cinco grupos considerados (algas, cefalópodos, gasterópodos, bivalvos e peixes de auga salgada) obsérvase un incremento de produción nos bivalvos (17,07%) e nos peixes de auga salgada (8,64%); particularmente no grupo dos bivalvos, a produción de ameixa babosa creceu un 62,27%; as algas aumentaron nun 330% a súa produción, aínda que estes dous últimos teñen unha escasísima representatividade no conxunto. Os cefalópodos viron reducidas as capturas preto do 27%.

En termos económicos, o mexillón, ao igual que en termos de produción, ocupa o primeiro posto con 128,5 millóns de euros, que representa un 59,8% do valor da produción acuícola total mentres que a ameixa fina mantense como a especie máis cotizada (27,64 € por quilo). No seu conxunto, os bivalvos representan case o 70% do valor total mentres que en toneladas acadan o 97,1%. Noutro caso están a produción de peixes de auga salgada, que representan o 30,22% en termos económicos e unha produción sobre o total de toneladas producidas do 2,9%.

Por distrito marítimo, os da Pobra do Caramiñal, Cambados e por debaixo, a pouca distancia, Vilagarcía de Arousa, O Grove e Cangas son os distritos marítimos con maior peso produtivo acuícola, con valores que oscilan entre as 63.171 e as 33.408 toneladas, que veñen a supoñer un rango do 22,7% ao 12% da produción total.

Para a FAO, a acuicultura é un sector de produción de rápido crecemento e constitúe o 50 % do peixe destinado á alimentación a nivel mundial. En Europa representa unha actividade económica estratéxica, alicerce crave no crecemento azul. Así, responde especificamente a un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS 2), vinculado coa seguridade alimentaria.

En liña co anterior, para o período 2011-2018, os datos que a produción acuícola medrou tanto en termos económicos (18,4%) como en termos de produción (24,5%) con respecto do ano 2011 (Ilustración 29).

Atendendo ao distrito marítimo, cómpre salientar o incremento da produción do 254% no distrito de Muros neste tempo, como nos de Bueu (133,9%) e Baiona (112,4%).




Ilustración 29. Especialización acuícola (2011-2018)

A Consellería do Mar, a través dos **Grupos de Acción Local** do sector pesqueiro, continúa a impulsar o desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras que debe contribuír á consecución dos obxectivos da Estratexia Europa 2020, de promover a inclusión social e a redución da pobreza, de crear emprego e de fomentar a innovación a escala local. Tamén debe contribuír a acadar o obxectivo da cohesión do territorio.

As estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) concibidas e postas en práctica polos grupos de acción local do sector pesqueiro son o principal instrumento para o logro da prioridade cuarta da UE de aumentar o emprego e a cohesión territorial mediante o obxectivo específico seguinte:

O fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación de emprego e o apoio á empregabilidade e á mobilidade laboral nas comunidades

pesqueiras e acuícolas, incluíndo a diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e o respecto de outros sectores da economía marítima.

O sector pesqueiro conta co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), un dos cinco Fondos Estruturais e de Investimentos Europeos (Fondos EIE) para o período 2014-2020 que contribúe á consecución dos obxectivos da Política Pesqueira Común (PPC), a Política Marítima Integrada (PMI) e á estratexia Europa 2020.

O ámbito de aplicación do FEMP inclúe axudas á PPC para a conservación dos recursos biolóxicos mariños, á xestión da pesca e das frotas, os recursos biolóxicos de auga doce e a acuicultura, así como para a transformación e comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura.

A **PescadeRías**, un dos proxectos que naceron ao amparo das axudas do FEMP, é un selo de identidade para a promoción e defensa dos peixes e mariscos procedentes da frota artesanal galega cuxa fama de variedade e calidade traspasan as nosas fronteiras.

No marco do **Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia 2015-2020**, para a modernización do comercio galego, tanto do comercio retalista e do seu tecido asociativo como dos mercados e prazas galegos, o **Plan de mercados excelentes de Galicia 2016-2020** pretende destacar o potencial dos mercados e prazas de abastos como eixos e motores do comercio de proximidade.

Neste marco de planificación e no contexto da celebración do Ano Santo Xacobeo 2021, a creación da rede “**Comercios e Mercados no Camiño**”, ven potenciar a visibilidade dos establecementos comerciais e dos mercados e prazas de abastos para captar o maior número de clientes posible, mediante accións e medidas que dinamicen as vendas e animen tanto aos peregrinos e ás peregrinas como aos veciños e veciñas das vilas e cidades a consumir produto de proximidade e despachado no comercio local. A adhesión é gratuítas e pode facerse individualmente ou de xeito colectivo a través das asociacións de comerciantes en nome dos seus asociados, todos ou parte deles, de tal xeito que cunha soa solicitude, poidan adherirse un volume considerable de establecementos. No 2019, 1.349 establecementos adheríronse á rede.

O comercio moderno debe estar aliñado coa estratexia europea ambiental. Neste sentido, a ecoinnovación é unha das actuacións para mellorar a protección ambiental e a eficiencia de recursos na economía e que, polo tanto, repercute na competitividade de todos os sectores. O campo de acción

deste programa abrangue a produción de residuos, e a emisión de contaminantes, asumindo de xeito anticipado as medidas adoptadas pola Comisión de cara ao 2021 respecto a materiais plásticos de envases, fomentando a súa eliminación desde o presente exercicio. A liña de fomento da ecoinnovación dos establecementos comerciais repercutiu no 2019 en 288 comercios.

Liña estratéxica F: Protexer o patrimonio natural e cultural

En exercicio das súas competencias, a Xunta de Galicia aprobou a **Lei 5/2019, do 2 de agosto do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia**, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística. Coa lei preténdese levar a cabo unha protección transversal do patrimonio natural galego, integrando os requisitos de conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade nas demais políticas sectoriais.

Tamén prevé mecanismos de colaboración e cooperación para fomentar a conservación e o uso sustentable do patrimonio natural con outras administracións e institucións públicas e privadas, coas persoas propietarias e usuarias do territorio, así como coas entidades de custodia do territorio, que se configuran como organizacións ás cales se lles atribúen importantes funcións.

Entre outras determinacións, establécese o alcance da declaración de espazos en canto á delimitación de áreas de influencia socioeconómica co fin de compatibilizar a divulgación e o desenvolvemento de actividades tradicionais sustentables ligadas á dinamización do espazo, promovendo o uso de marcas que fagan referencia aos ditos espazos protexidos.

Tamén prevé a declaración de microreservas, unha figura nova dentro da categoría de Reserva Natural e que afectará a espazos cunha superficie inferior a 20 hectáreas que conteñan hábitats raros ou de especies ameazadas. Así mesmo, permitirá que o ámbito dun espazo natural de interese local (ENIL) sexa supramunicipal, e substitúe a categoría de zona especial protección dos valores naturais, que inclúe espazos como lugares de interese comunitario (LIC), zona de especial protección (ZEC) ou zona de especial protección de aves (ZEPA), pola de espazo protexido Rede Natura 2000, para dotalos dunha maior protección, como na normativa estatal.

Polo que atinxe á protección das especies, regúlase a conservación ex situ mediante programas de cría ou propagación en centros de recuperación. E para aumentar a protección daquelas especies afectadas por unha especial ameaza ou risco, créase a lista de especies silvestres en réxime de protección especial, dentro da cal se integrará o Catálogo galego de especies ameazadas.

En 2019, continuando coas accións encamiñadas a xestionar adecuadamente o patrimonio natural nos parques de Galicia –das que se deu conta no anterior informe–, publicáronse os decretos polos que se aprobaron tres plans reitores de uso e xestión, dous en parques naturais – **Parque Natural Serra da Enciña da Lastra e Parque Natural do Invernadeiro**– e un parque nacional –**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**.

Outras accións desenvolvidas neste eido foron: a declaración do **espazo natural de interese local río Gafos** (Pontevedra) –así como o seu plan de conservación– e a declaración do **espazo privado de interese natural dos Lagos de Lousada** (Xermade) –así como o seu plan de conservación–. Tamén se avanza no proxecto do decreto polo que se aprobará o **Plan de conservación do monumento natural Souto da Retorta**. En resumo, o 42% do territorio está amparado baixo algún tipo de figura de protección, como a Rede Natura 2000 ou as reservas da biosfera.

En materia de protección do patrimonio cultural a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo vén desenvolvendo políticas activas de cara a estender o concepto do valor cultural e da súa protección dunha forma máis ampla e adaptada ás recomendacións nacionais e internacionais na materia, que entre outros aspectos leva consigo o recoñecemento de patrimonio cultural de adscricións culturais e contextos históricos que carecían ata o momento dun axeitada identificación e protección. Isto atinxe tanto ao tradicional patrimonio cultural inmobile como ao mable e o inmaterial que, en todas as ocasións, teñen un soporte no medio construído do que resultan inseparables e que son así mesmo a chave para a súa axeitada interpretación e a implicación das comunidades na súa protección.

No ano 2018, o número de rexistros de inmobles foi de 776, o que supón que se incluíron cinco novos rexistros, un con carácter definitivo, a fortaleza de Fontearcada na Peroxa (lugar de natureza arqueolóxica nun ámbito próximo pero diferenciado do Castelo da Peroxa), e catro provisionais: O Parque do Pasatempo en Betanzos como xardín histórico; A Terraza de Sada

coma monumento e as zonas arqueolóxicas de Castromao (Celanova) e do Castro de Santa María de Cervantes.

Durante 2018 tamén se produciu a inscrición definitiva de 34 rexistros previamente incoados, entre deles 20 inmobles de diferentes categorías (12 monumentos, tres lugares de valor etnolóxico, catro zonas ou xacementos arqueolóxicos e un conxunto) e dúas paisaxes culturais: o arquipélago de Sálvora e a Ribeira Sacra (Ilustración 30).

No 2019 incoáronse dous novos procedementos de protección de monumentos complexos: o Colexio da Nosa Señora da Antiga ou do Cardeal en Monforte de Lemos (co que tamén se recoñecen coma BIC 24 bens mables entre os que destacan pinturas do Greco e Andrea del Sarto) e o Mosteiro de San Martiño Pinario en Santiago de Compostela, co que tamén se procede á delimitación doutros monumentos santiagueses, como a Catedral ou o Hospital Real, que carecían dun contorno de protección definido. Tamén se produciu un novo rexistro definitivo de ben de interese cultural coa creación do Museo do Viño de Galicia na Reitoral de Santo André de Camporedo en Ribadavia.


Así mesmo rexistráronse con carácter definitivo tres zonas ou xacementos arqueolóxicos previamente incoados (entre eles, a Cova Eirós en Triacastela), así como outros bens mables e manifestacións de carácter inmaterial.

Durante 2019, despois da declaración definitiva como ben de interese cultural da paisaxe cultural da Ribeira Sacra, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural elaborou a proposta definitiva de formulario de candidatura á Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO, candidatura que foi aprobada polo Consello de Patrimonio Histórico Español en 2019 para a súa presentación no ano 2021, no ámbito da Convención do Patrimonio Mundial.

En relación con este ben de interese cultural iniciouse un programa de conservación e restauración dos bens de interese cultural máis senlleiros da paisaxe cultural. Contratouse a redacción de proxectos, iniciáronse obras e, nalgún caso, continuouse o programa de restauración de BIC coma no Mosteiro de Ferreira de Pantón, o Mosteiro de San Pedro de Rocas en Toén, onde se está a redactar o seu Plan Director, a igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño ou a de Pombeiro, entre outros.

Entre as actuacións desenvolvidas para a conservación do patrimonio cultural de Galicia destaca o programa de restauración da Catedral de Santiago de Compostela, iniciado no ano 2015 ao abeiro dun convenio de colabora-

ción entre a Consellería de Cultura e Turismo, o Cabido Catedralicio e a Fundación Catedral de Santiago, que supón un investimento de 17 millóns de euros. O convenio ten por obxecto a restauración do conxunto catedralicio, seguindo as determinacións do seu Plan Director e atendendo preferentemente á restauración integral do templo de cara ao próximo Ano Santo 2021.



Inmoables en proceso de declaración BIC durante o ano 2018, segundo fase do procedemento

- BIC declarados
- BIC declarados e BIC inscrito
- BIC incoados

Ilustración 30. Inmoables en proceso de declaración BIC (2018)

Tamén se intervén no edificio claustral resolvendo as cuestións máis urxentes relacionadas coa estanquidade das cubertas e a restauración das fachadas abertas á praza das Praterías. Este programa inclúe un total de 19 intervencións que, de forma continuada e simultánea, se están a executar no monumento. O remate de todas estas obras está prevista durante o ano 2020. Para a financiación, a Xunta de Galicia recibiu o apoio económico da Administración Xeral do Estado a través dun convenio asinado co Ministerio de Facenda.

Co obxectivo da mellora do patrimonio cultural inmoable de cara ao próximo Ano Santo 2021, a Consellería de Cultura e Turismo ten iniciado o desenvolvemento dun programa que ten por obxecto a restauración e a posta en valor dos inmoables declarados ben de interese cultural máis senlleiros relacionados coas diferentes rutas de peregrinación.

Entre as intervencións programadas, algunhas delas xa iniciadas, pódense citar a restauración da igrexa de San Vicenso do Pino e a do Colexio do Cardeal en Monforte, a igrexa do Mosteiro de Santa María de Sobrado, da Catedral de Ourense, da igrexa de Santa María de Baiona, San Xoán de Portomarín e de San Xiao de Moraime en Muxía, así como do Mosteiro de Carboeiro, entre outros.

Tamén se contratou a redacción do proxecto para a restauración da igrexa do antigo Mosteiro de Oia; iniciouse a licitación das obras de restauración dos BIC San Francisco en Betanzos e Colexiata de Santa María a Maior de Pontevedra; e redactáronse os proxectos de restauración e conservación doutros monumentos senlleiros dos camiños de Santiago, ao mesmo tempo que se están realizando xestións para acadar o financiamento necesario para realizar as intervencións (Ilustración 30).

Liña estratéxica G: Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental

Galicia precisa dar resposta aos retos con orixe no cambio climático, necesidade que demanda da Administración autonómica unha clara determinación neste senso e que se materializou, durante o ano 2019, nos fitos que se mencionan a continuación.

A **Estratexia Galega de Sustentabilidade 2030** ou Axenda 2030 para Galicia recoñece como propios os retos que as Nacións Unidas definen nos dezasete obxectivos de desenvolvemento sustentable para acadar no final da próxima década.

Para levar a cabo esta axenda creouse unha comisión interdepartamental como instrumento de coordinación entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia e fomentar a coherencia dos ODS nas políticas públicas, que marcarán a Axenda 2030 e a Estratexia de desenvolvemento sustentable para Galicia. Entre as funcións desta comisión está a de levar a cabo un seguimento da execución das iniciativas, plans, programas e convenios para medir o avance no conxunto das 169 metas fixadas.

A aprobación da **Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050** da a resposta ao o problema global do cambio climático. Deste xeito, Galicia marca a ruta para cambio do modelo de consumo e uso de recursos naturais e poder así converterse nun territorio neutro en emisións de gases de efecto invernadoiro e preparado para afrontar os cambios derivados do cambio climático.

Para iso, trátase de reducir as emisións ao tempo que é preciso conservar, poñer en valor e potenciar o efecto sumidoiro dos nosos sistemas naturais a través da conservación do noso patrimonio natural e unha correcta xestión dos usos do solo. Complementariamente, Galicia ten que prepararse para adaptarse aos impactos que xa está xerando o cambio climático polo que debe de reducir a vulnerabilidade e aumentar a resiliencia da sociedade, do territorio, das infraestruturas estratéxicas e dos sistemas produtivos.

Un dos eixos a destacar da estratexia é a posta en valor do sector primario, particularmente pola capacidade do sector forestal para compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro, así como a adopción dun modelo enerxético baseado en enerxías limpas e na mellora da eficiencia en todos os sectores co fin de reducir as emisións e garantir un abastecemento seguro, sustentable e competitivo.

Para acomodarse ao cambio climático e reducir a vulnerabilidade da poboación, elaboraranse plans de adaptación dos terreos marítimo-terrestres de competencia autonómica, que afectarán tanto a cada un dos portos como ao conxunto da liña de costa, e adaptaranse os plans de prevención e actuación ante eventos e fenómenos climatolóxicos extremos.

Estrutúrase arredor de catro ámbitos de traballo (mitigación, adaptación, investigación e dimensión social, gobernanza e sensibilización), 10 obxecti-

vos e 34 liñas de actuación, baixo a coordinación dunha Comisión Interdepartamental de coordinación presidida pola conselleira que teña atribuída as competencias de medio ambiente.

No seu primeiro Plan plurianual de desenvolvemento, identifica 170 medidas para avanzar na consecución dun novo modelo de consumo e achegar solucións concretas ao problema do quecemento global.

Enmarcado no ODS 11, e na meta propia establecida polo Goberno galego para fomentar a sustentabilidade e a eficiencia enerxética, **“Edificación sustentable”**, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do INEGA ten implementadas diferentes liñas de axuda dirixidas á redución das emisións de CO₂, así como á redución do consumo enerxético nos edificios.

Dende o ano 2016, unha liña de axuda a particulares ten como obxectivo principal apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomentar o uso racional das enerxías renovables nas vivendas. A evolución destas axudas destinadas a proxectos de utilización de fontes de enerxía renovable en vivendas indica que en 2018 outorgáronse un total de 1.340, un 24% máis que en 2016 e que sumadas ás dos anos anteriores acadan as 3.613.

Dende a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, tramítanse axudas á vivendas para illamento e mellora da envolvente; no período 2016-2018 tramitáronse un total de 3.682.

Así mesmo, para obter un diagnóstico da situación dos inmobles en materia de eficiencia enerxética, dende o ano 2009 está operativo o **rexistro de certificados de eficiencia enerxética** de edificios que arroxa un resultado de 173.000 rexistros realizados). A Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas puxo en marcha incentivos fiscais que permite deducir cantidades invertidas para a mellora da cualificación enerxética de vivendas e tamén para a instalación de caldeiras de fontes renovables (district heating e district cooling). e executarase un **plan de mellora progresiva da eficiencia enerxética das depuradoras de augas residuais**, entre outras medidas.

Na liña de optimización enerxética, a necesidade dun cambio de paradigma da economía ven dada pola traxectoria actual baseada na explotación masiva dos recursos que precisa substituírse por unha utilización eficiente destes. Neste sentido, o IGVS ten actuacións de rehabilitación enerxética de vivendas protexidas e promovidas por este organismo.

No ano 2019 foron rehabilitadas un total de 150 vivendas en tres concellos (Melide, Cerdido e Pontevedra) e se iniciaron en outras 51 vivendas nos concellos de Cerdido, Cerdido, Vigo e Pontevedra.

Enmarcado no Plan Estratéxico do Xacobeo 21, o **Plan de albergues do Camiño de Santiago 2019-2021**, nunha das liñas aposta pola mellora da eficiencia enerxética dos albergues públicos do Camiño de Santiago existentes ademais doutras reformas necesarias ou melloras no eido da accesibilidade.

Outro dos fitos que cómpre salientar é a aprobación da **Estratexia de economía circular**, coa que se pretende impulsar un cambio que permita substituír, na próxima década, o sistema económico e produtivo lineal por outro máis eficiente e racional, baseado na recuperación de materiais.

Entre as súas propostas de actuación máis salientables, cómpre subliñar a elaboración dun plan de acción para reducir os plásticos non reciclables no sector primario e na industria alimentaria galegas, así como a inclusión nos procesos de contratación pública de criterios verdes como o uso de materiais reutilizados.

Algunhas das primeiras medidas que se porán en marcha, a comezos de 2020, serán a convocatoria dunha liña de subvencións para concellos co fin de habilitar espazos públicos de autorreparación e intercambio de obxectos, a implementación da compra pública verde en Galicia ou o inicio dos trámites para construír tres novas plantas de tratamento de bio-residuos domésticos. É salientable tamén, a aposta polo eco-deseño para optimizar a eficiencia dos produtos, minimizar o seu impacto ambiental e estender os ciclos de vida.

Para desenvolver esta estratexia, estímase que haberá que investir uns 865 millóns de euros durante os seus dez anos de vixencia, o que suporá un retorno anual equivalente ao 1,12% do PIB galego.

No eido dos residuos, no consello de goberno do día 12 de decembro, a Xunta de Galicia deu o visto bo á **Lei de residuos e solos contaminados de Galicia** que ampliará o marco legal actualizando á normativa básica estatal e autonómica.

A futura lei primará a prevención e reutilización dos residuos, establecendo que en 2025 terá que reciclarse un 55% do peso actual. Ademais, incluírá novidades como a implantación dunha infraestrutura básica para a recollida selectiva de residuos industriais, grandes superficies comerciais e edificios públicos, así como a obrigatoriedade, por parte dos concellos, de recoller

separadamente os biorresiduos, os residuos téxtiles e os perigosos de orixe doméstica.

O ODS 12 sinala o obxectivo de acadar un sistema de produción e un modelo de consumo sustentable. En liña con este obxectivo, as DOT recollen nas determinacións relativas á xestión de residuos (4.9) entre outras, a necesidade de previr e reducir a xeración de residuos, as medidas de recollida selectiva en orixe, a potenciación dun mercado de reciclaxe, baixo criterios de autosuficiencia e proximidade e a redución das necesidades de eliminación de residuos mediante vertedura final.

Neste contexto, no que atinxe ao ciclo de materiais, avalíase a **Xeración bruta de residuos**, a **Recollida selectiva** destes e a **Dotación de puntos limpos** a nivel concello.

Os indicadores de residuos, no período 2011–2018, presentan tendencias de distinto signo.

No período 2011-2018 as cantidades recollidas por persoa e día aumentaron o 1,6% e están por riba do obxectivo do PXRUG mentres que as toneladas totais xeradas anualmente reducíronse o 1,8%, manténdose todos os anos baixo do máximo considerado no plan de referencia (Ilustración 31).

Durante o ano 2018, Galicia xerou 1.126.740 toneladas de residuos municipais, un 1,33% máis que no 2017 e a media de residuos por habitante e día foi de 1,143 kg, preto dun 1% máis que no ano anterior.

A nivel municipal, en máis de dous terzos dos concellos (219) a cantidade diaria por habitante mantívose inferior ao valor de referencia que marca o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG) para 2020. A cantidade de residuos xerados nun ano mantense por debaixo do valor limiar establecido no PXRUG para o 2020. Un 28% de concellos diminuíron este valor con respecto ao ano anterior.

O Plan sectorial de xestión de residuos urbanos, na fixación de obxectivos, desenvolve a determinación 10.1.12 das DOT en materia de residuos. Entre as medidas que define están as relativas á implantación da recollida selectiva en orixe. A evolución do comportamento desta medida, no período 2011-2018, amosa, en termos globais, un lixeiro aumento das cantidades diarias de residuos recollidas separadamente por persoa e día. mentres que as distintas fraccións presentan comportamentos diferenciados.




Ilustración 31. Evolución da xeración de residuos urbanos (2011-2018)

Así, mentres que a recollida do vidro e de envases lixeiros incrementaron as cantidades recollidas por persoa nun 30% e nun 21% respectivamente, a fracción de papel-cartón foi inferior ao 2% e a fracción de materia orgánica-resto reduciuse preto dun 8%.

No que se refire aos puntos limpos no período 2011-2018, o número de concellos con instalación de punto limpo aumentou un 20%, os concellos que prestan este servizo aumentaron un 17% e a poboación que conta con este servizo creceu un 21%; datos que melloran se a análise faise para o ámbito litoral, nos que as porcentaxes son respectivamente 20%, 20% e 36% (Ilustración 32).

A redución ao mínimo da xeración de residuos, unido ao mantemento do valor dos produtos, os materiais e os recursos durante o maior tempo posible, son aspectos clave para á transición cara unha economía máis circular e sustentable. Consciente diso, a Comisión Europea incorporou no seu novo Plan de Acción de Economía Circular para 2018-2020 unha proposta de revisión da Directiva de Resíduos (Directiva 2008/98/ EC), que fixa novos obxectivos para 2030, dando así continuidade aos esforzos que xa se realizan para alcanzar as metas do ano 2020.




Ilustración 32. Evolución dos puntos limpos (2011-2018)

No que atinxe ao recurso da auga, a Administración autonómica quere adaptar a xestión da auga ao novo contexto climático e establecer protocolos de actuación áxiles e coordinados en caso de alerta. Para iso, aprobou neste ano 2019 a **Lei de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situación de risco sanitario**.

Esta lei reforza a aposta pola planificación como ferramenta tanto para dotar de maior eficacia e eficiencia ao funcionamento dos sistemas de abastecemento como para asegurar a resposta áxil e eficaz en caso de seca ou alerta sanitaria.

Nun destes aspectos, fai fincapé na cuantificación e erradicación das perdas de auga nas redes de abastecemento, nalgunhas das cales supoñen o 40% de caudal.

Para loitar contra iso, os titulares das redes terán que dispoñer de contadores homologados tanto nos puntos de captación de auga como nos puntos de subministración final. A auditoría e cuantificación das perdas nas redes de todos os sistemas de abastecemento de Galicia permitirá aprobar un plan de redución das fugas de auga que as situará por debaixo do 20%.

A lei tamén prevé un canón aplicable nos casos de perdas excesivas e que se destinará á renovar as redes de abastecemento.

As DOT, en consonancia cos ODS 6 e 14, sinalan a necesidade de mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, así como o obxectivo de conservar e utilizar en forma sustentable os ecosistemas e recursos marinos.

No relativo á **Calidade da auga nas zonas de baño** galegas, estas presentan unha evolución positiva tanto nas augas continentais como nas mariñas. O indicador, que avalía o grao de consecución dos obxectivos de calidade da auga de baño fixados pola Directiva Marco de Auga, sinala que no período 2011-2018, aumentaron en 72 as zonas de baño con clasificación sanitaria Excelente (16%); diminuíron as zonas de baño clasificadas como Boas (-15; un -3%), así como as clasificadas como Suficientes (-29; -6%) e Insuficientes (-40; -8%) (Ilustración 33).

O número de puntos de mostraxe das augas de baño censados (continentais e marítimas) foi de 507 en 2018; o 86,4% en praias litorais (438 zonas de baño) e o 13,6% restante en praias continentais (69).

Do conxunto dos puntos de mostraxe, o 84,6% tiveron unha calidade Excelente, o 11,2% unha calidade Boa, o 2,6% unha calidade Suficiente e o 1,6% unha calidade Insuficiente para o baño.

Por tipoloxías, en termos relativos, as praias litorais acadan mellores resultados cas praias continentais, como reflicten os resultados. Así, o 97% das mostraxes en augas marítimas acadaron o resultado Excelente ou Boa fronte ao 88,4% das continentais.

A nivel provincial, referida ás augas marítimas, case o 90% das zonas clasificadas como Excelentes atópanse nas provincias da Coruña e Pontevedra, onde se concentran máis do 89,7% dos puntos de mostraxe mentres que na provincia de Lugo, co 10,3% dos puntos de mostraxe, atópanse o 11% das zonas de baño marítimas Excelentes.

Por concellos, incrementáronse en 59 os concellos que acadaron a cualificación de Excelente na totalidade das zonas de baño, 11 máis que no ano 2017 para o conxunto de Galicia.




Ilustración 33. Evolución da calidade das augas de baño (2011 e 2018)

Neste eido, orientado á consecución do ODS 6.3, a Xunta de Galicia está traballando na elaboración dun Decreto sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia que ampliará o marco legal na materia. Este decreto establece a creación do **Rexistro de augas de baño de Galicia**, para dispor da información básica das augas de baño e como instrumento para o exercicio das facultades de inspección e control que teñen atribuídas as autoridades sanitarias e de coordinación no exercicio das funcións administrativas de control, así como para difundir a información sobre as augas de baño ao público. Así mesmo, desenvolverá e adaptará os criterios sanitarios que deben cumprir as augas de baño para protexer a saúde humana dos efectos adversos derivados de calquera tipo de contaminación, as medidas de vixilancia da calidade sanitaria das augas de baño e o establecemento de competencias e responsabilidades.

O indicador **Variación do estado das masas de auga** apunta que o 82% das masas de auga superficial e o 100% das subterráneas da correspondentes á Demarcación Galicia Costa teñen un bo estado (Ilustración 34).

A emisión de gases efecto invernadoiro é un dos principais causantes do quecemento global. O ano 2016 foi un ano especialmente relevante na loita contra o cambio climático no plano internacional coa entrada en vigor do Acordo de París. Un dos obxectivos do acordo é manter o aumento da temperatura media mundial por debaixo de 2°C con respecto os niveis prein-

dustriais, e incluso, limitalo a 1,5 °C, o que reducirá considerablemente os riscos e impactos do cambio climático.




Ilustración 34. Número de masas de auga segundo o seu estado total na DGC

As emisións brutas de gases efecto invernadoiro (GEI) estimadas para o ano 2017, sitúanse arredor das 30.260 kilotoneladas de CO₂-eq para Galicia, o que supón unha redución dun 7,05% respecto do 2016, case tres puntos porcentuais máis que a redución no conxunto do Estado.

As variacións interanuais con respecto o ano 1990, indican que mentres España aumentou as emisións un 17,93%, Galicia sitúase no 2,30%. No adianto estatístico de 2018, España emitiu 332.842 toneladas de gases efecto invernadoiro, un -2% menos que en 2017 (Ilustración 35).

O cambio de paradigma na produción de enerxía é un dos retos que afrontar para conseguir menores emisións de gases efecto invernadoiro. A axenda 2030 insta a conseguir unha enerxía alcanzable e non contaminante e na súa meta 7.2, prevé o incremento considerable da proporción de enerxía renovable no conxunto de fontes enerxéticas, así como da mellora da eficiencia enerxética.

A política enerxética da Unión Europea persegue tres obxectivos principais: seguridade de abastecemento, competitividade e sustentabilidade.




Ilustración 35. Evolución anual das emisións de CO₂ equivalentes en Galicia

En decembro de 2018 entraron en vigor as directivas sobre eficiencia enerxética, renovables e gobernanza da Unión Europea da Enerxía. A Directiva de Enerxía Renovable establece o obxectivo de que, polo menos, o 32% da enerxía procederá de fontes renovables en 2030. Pola súa banda, a Directiva de Eficiencia Enerxética marca un obxectivo para o mesmo ano do 32,5%. Ambos obxectivos son revisables en 2023.

A **enerxía primaria galega**¹³ no ano 2018 ascendeu a 2.547 Ktep onde as achegas máis importantes proceden da biomasa (31,9%), da auga (30,4%) e do vento (28,9%) e supón un 20% da total. Porén, a enerxía primaria importada supón o 80%: petróleo (46,4%), carbón (24,9%), gas natural (14,1%) e biocarburantes (1,4%). Respecto de 2017, a enerxía autóctona incrementouse un 5%.

Por outra banda, a **electricidade xerada en 2018 con fontes renovables** foi un 15% maior que en 2017, acadando o 56% do total mentres que a xerada polas centrais termoeléctricas de carbón baixou do 41% no ano 2017 a un 33% en 2018.

Respecto da contribución ao sistema enerxético español, en 2018, Galicia xerou o 12,4% da enerxía eléctrica de todo o Estado, así como o 17,5% da obtida a partir de fontes renovables e o 29,0% da produción termoeléctrica con carbón (Ilustración 36).

¹³ Conxunto de produtos con orixe en Galicia susceptibles de xerar enerxía para o consumo final como son a producida polos axentes naturais e a obtida dos residuos.




Ilustración 36. Potencia eléctrica instalada Galicia España (2018). Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018

A **intensidade enerxética** é un indicador relacionado coa eficiencia enerxética dun país; mide o custo, en termos enerxéticos, que precisa unha economía para crear riqueza. En termos de sustentabilidade, a intensidade enerxética determina a eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos para producir o crecemento económico do país.

A evolución —2010-2018— da **intensidade enerxética primaria** en Galicia vai diminuindo tal e como indica o obxectivo da UE. A intensidade enerxética primaria é maior en Galicia que no conxunto do Estado; isto é debido a que é unha Comunidade con gran capacidade para transformar enerxía, polo que importa unha elevada cantidade de materias primas enerxéticas que, unha vez transformadas en outros tipos de enerxía, destínanse ao consumo de Galicia ou expórtanse a outros países ou rexións (Ilustración 37).

En 2018, a intensidade enerxética final aumentou un 1,33% con respecto a 2017 pasando de 0,104 a 0,105 ktep/millón.

En Galicia, a intensidade enerxética final supera os valores do Estado polo feito de ter situadas na Comunidade Autónoma varias plantas con procesos produtivos moi intensivos en relación ao consumo de enerxía (Ilustración 38).

No intervalo temporal analizado —2005 a 2018— aprécianse fluctuacións interanuais nun marco xeral descendente, máis acusado no ano 2009, probablemente como consecuencia da ralentización da economía e do consumo enerxético. No ano 2010 produciuse un repunte, neste caso influenciado polo cambio da fonte de datos de produción e consumo de biomasa.




Ilustración 37. Evolución Intensidade enerxética primaria en Galicia e España. Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018

No período 2011-2018, a maior eficiencia no emprego dos recursos fai que novamente descenda a intensidade enerxética final.

No que se refire ao consumo final bruto de enerxía renovable, a Directiva UE 2018/2001 establece como obxectivo conseguir unha cota do 32% de enerxía procedente de fontes renovables no consumo final bruto de enerxía da Unión Europea (UE).




Ilustración 38. Evolución Intensidade enerxética final en Galicia e España. Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018

A Lei de cambio climático e transición enerxética (LCCTE) establece un obxectivo nacional mínimo de participación das enerxías renovables no consumo de enerxía final bruto do 35% en 2030 e o Plan Nacional Integrado de Enerxía y Clima (PNIEC) marca o obxectivo do 42%.

En Galicia, a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final bruto incrementouse dun 20,3% no ano 2005 a un 37,2% no ano 2018. As Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020 marcan un 45% como obxectivo para o ano 2020, superior ao marcado polo PNIEC para o ano 2030 (Ilustración 39).

O consumo de enerxía obtida a partir de fontes renovables en Galicia parece que se está a estabilizar, aínda que sempre é superior ao obxectivo marcado do 20,4% para o ano 2018. No ano 2018, Galicia acadou o 37,2% de consumo final bruto de enerxía renovable moi superior o obxectivo proposto (Ilustración 39).

Os resultados deste indicador van en consonancia coa liña trazada nas DOT que orientan cara a utilización de fontes de enerxías renovable, de xeito que diminúan as emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro.




Ilustración 39. Consumo final bruto de enerxía renovable (%). Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018

Como conclusión dicir que as enerxías renovables seguen mantendo un papel fundamental dentro do escenario enerxético galego, a súa participa-

ción no consumo de enerxía final bruto (calculado segundo indica a Directiva UE 2018/2001) foi do 37,2% no ano 2018, porcentaxe superior á do ano 2017 (35,0%). Esta subida debeuse a que no ano 2018 a xeración eléctrica con fontes de enerxía renovable foi un 64% maior á do 2017 debido ao incremento nun 165% da electricidade de orixe hidráulico como consecuencia da baixa pluviosidade do ano 2017, e á subida dun 21% da electricidade xerada polas centrais eólicas.

España marca como obxectivo na LCCTE que a porcentaxe do **consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables** sexa do 70% no ano 2030 e no Plan Nacional Integrado de Enerxía y Clima (PNIEC) fíxase o 74%.

En Galicia incrementábase dun 46,1% no ano 2005 ao 82,7% no ano 2018. As Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020 marcan un obxectivo para o ano 2020 do 84% superior ao fixado polo PNIEC para o ano 2030.

No marco do estado español, como obxectivo no Plan de Enerxías Renovables (PANER) 2011-2020, estableceuse que a porcentaxe do consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables chegase ata o 36,9% no ano 2018. Estes consumos en Galicia están moi por riba dos obxectivos marcados por o PANER como se amosa na gráfica.

En Galicia, a porcentaxe de **consumo final bruto de electricidade obtida a partir de fontes renovables** con respecto o consumo de electricidade bruto, amosa moitas variacións ao depender en gran medida da climatología, da xeración hidráulica e da eólica; así obsérvanse dous picos nos anos 2010 e 2013 no que chega ata o 92,2% e no ano 2018 esta en 82,7%, sempre por riba dos obxectivos marcados (Ilustración 40).

Para o sector do transporte, a Unión Europea marca como obxectivo para o ano 2030 que a porcentaxe de enerxía procedente de fontes renovables acade un 14%, mentres que España, no marco do PNIEC, fixa un 22%.

En Galicia incrementábase dun 0,3% no ano 2005 a un 6,4% no ano 2018. As Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020 marcan un obxectivo para o ano 2020 do 12%. Porén, ata o ano 2012 o incremento foi moi significativo, acadando un 8%; nese ano obsérvase unha forte baixada debido a un cambio de lexislación relativa aos obxectivos de consumo de biocarburantes.

Canto maior sexa o valor do indicador, maior será o consumo de fontes renovables no transporte, e polo tanto menor a dependencia enerxética de Galicia de fontes contaminantes no transporte. A intención é que este indicador mostre a tendencia a utilizar biocarburantes, electricidade de orixe renovable e outras fontes renovables no transporte, o que redundará en menores emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro en

consonancia coa liña trazada nas DOT. Neste caso os valores acadados en Galicia están por debaixo dos obxectivos propostos polo PANER (Ilustración 41).




Ilustración 40. Consumo final bruto de electricidade procedente de FER (GWh/ano). Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018




Ilustración 41. Consumo de enerxía procedente de fontes renovables no transporte (%). Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018

Liña estratéxica H: Afianzar o protagonismo exterior de Galicia

O Consello da Xunta tivo ocasión de coñecer os avances experimentados neste eido mediante a análise dun informe sobre a **Estratexia Galega de acción exterior horizonte 2020** para a promoción da lingua e cultura galegas fóra da Comunidade, que achegou información sobre as accións e os protocolos de colaboración que se manteñen con diferentes entidades e organismos nacionais e internacionais. Cifráronse en 3.500 o número de alumnos que recibiron clases de galego fóra da Comunidade.

A meirande parte do alumnado accedeu á formación por medio dos Centros de Estudos Galegos constituídos en Universidades de 16 países. Ademais, a rede de lectorados que imparte lingua, literatura e cultura galega esténdese a 15 territorios. En Iberoamérica o estudo do galego é posible grazas a diferentes acordos subscritos polo Goberno galego. Tamén se asinou un convenio co Instituto Español Cañada Blanch que imparte o galego en Londres.

Apréciase tamén un interese crecente polo estudo da lingua galega en Castela e León, onde a Xunta mantén un protocolo de colaboración, así como noutras provincias españolas, onde se formaron nove Centros de Estudos Galegos.

No ámbito desta estratexia, a Consellería de Cultura e Turismo fomenta a Cultura e a literatura galegas, tanto no eido nacional –onde destaca a colaboración con varios departamentos de política lingüística–, como no internacional, participando en proxectos que teñen como finalidade a promoción da diversidade lingüística no marco da UE.

Un dos numerosos actos celebrados foi o I Simposio Internacional: Os estudos galegos camiño do Xacobeo 21, unha reunión de representantes dos Centros de Estudos Galegos na que estableceron liñas de actuación comúns para difundir o vindeiro Ano Santo.

En relación ás liñas de actuación comúns para difundir o vindeiro Ano Santo, hai que recordar que, tal como se dixo no informe do ano pasado, a Xunta lanzou a convocatoria **O Teu Xacobeo**, que está a ter repercusións socioeconómicas, culturais etc. no territorio e contribuirá ademais a afianzar o protagonismo de Galicia no exterior. Dentro do **Plan estratéxico do Xacobeo 21**, enmárcanse, entre outras accións, o **Plan de albergues do Camiño de Santiago 2019-2021**, que inclúe a creación de oito novos establece-

mentos e a inclusión de melloras nos que forman parte da rede pública para contribuír a mellorar a imaxe de Galicia fóra da Comunidade.

Outras accións que están contribuíndo a afianzar o protagonismo de Galicia no exterior son as seguintes: **Galicia Exporta Empresas** (axudas para executar accións de promoción exterior das empresas galegas, no marco do Feder), o **Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2019** (axudas para proxectos no exterior, educación para o desenvolvemento e a cidadanía, global, de acción humanitaria, etc, no marco do **IV Plan director da cooperación galega 2018-2021**), así como a tramitación da **Lei reguladora da acción exterior e cooperación** para o desenvolvemento de Galicia que incorpora a regulación do Rexistro de foráneos con intereses en Galicia, e a creación do Asento de galegos no exterior e do Asento de empresas galegas no exterior.

Outro aspecto salientable deste texto lexislativo é que regula a participación de empregados públicos en iniciativas de cooperación e intercambios internacionais. En desenvolvemento da Lei estatal 45/2015, do 14 de outubro de voluntariado, recoñece os dereitos do persoal do Sergas que participe en emerxencias internacionais, así como a posibilidade de realizar intercambios de empregados públicos entre Galicia e Portugal, establecido xa no Decreto de acción exterior.

2. Síntese

Consumo eficiente de solo

O indicador de *Superficie de vivendas en solo urbano e solo de núcleo rural* amosa que o 67% dos ámbitos analizados –cuadrículas de 100x100 metros con máis do 50% de solo urbano ou de núcleo rural–, susceptibles de conter vivendas, presentan un rango de superficie de vivenda por hectárea de entre 100 e 3.000 m²/ha; un 9% atópanse nun rango entre 1 e 100 m²/ha mentres que un 17,1% teñen 0 m² de superficie de vivenda.

O indicador de *Superficie e usos portuarios*, de competencia autonómica amosa que dos máis de 16 millóns de m² delimitados como ámbito portuario, o 72,24% corresponden á lámina de auga e o 27,76% restante a superficie terrestre. A distribución de usos nos portos que contan co instrumento de xestión DEUP, reflicte que o uso pesqueiro representa case o 15% da superficie delimitada, o náutico deportivo, un 5,5%, o uso comercial, o 4,1%, o transporte marítimo o 0,2% fronte ao 30% que se destina a usos complementarios ou auxiliares.

Os bens inmobles de uso residencial, segundo o indicador *Vivendas familiares* segue a describir unha liña ascendente aínda que, dende o ano 2012, responde a un crecemento máis acorde ás DOT.

O indicador *Demandantes de vivenda protexida* rexistra un 10,5% máis referido a vivendas de promoción pública e un 11% máis en vivendas de protección autonómica respecto do ano anterior. Estas demandas concéntranse en maior medida nas zonas máis densamente poboadas e nos concellos con nodos de influencia supramunicipal, isto é, nas áreas urbanas, no sistema urbano intermedio e nos nodos de equilibrio territorial, aínda que en menor medida.

Autosuficiencia dos fluxos metabólicos

As emisións brutas de gases efecto invernadoiro (GEI), estimadas para o ano 2017, sitúanse arredor das 30.260 kilotoneladas de CO₂-eq para Galicia, o que supón unha redución dun 7,05% con relación ao 2016 mentres que para o conxunto do Estado a redución foi do 4,24%.

En liña coas determinacións das DOT, a electricidade xerada en 2018 con fontes renovables foi un 15% maior que en 2017, acadando o 56% do total mentres que a xerada polas centrais termoeléctricas de carbón baixou do 41% no ano 2017 a un 33% en 2018.

Na mesma liña de fomento das enerxías renovables e redución das emisións, o consumo de enerxía obtida a partir de fontes renovables en Galicia foi do 37,2% en 2018, un valor que supera os obxectivos fixados tanto pola Directiva UE 2018/2001 (32%) como pola Lei de cambio climático e transición enerxética (35%) para o ano 2030. As Directrices Enerxéticas de Galicia soben o obxectivo para o 2020 ao 45% mentres que o Plan Nacional Integrado de Enerxía y Clima (PNIEC) fíxao no 42%.

Entre 2005 e 2018, a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final bruto medrou 17 puntos porcentuais.

A porcentaxe do *consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables* foi do 82,7% no ano 2018, 36 puntos porcentuais superior que en 2005 e superior ao obxectivo fixado polo PNIEC¹⁴ (74%) para o ano 2030. As Directrices Enerxéticas de Galicia marcan como obxectivo para o ano 2020 unha porcentaxe do 84%.

En canto á *intensidade enerxética final*, aumentou un 1,33% no ano 2018 respecto do ano anterior. No período 2011- 2018, a maior eficiencia no emprego dos recursos fai que descenda a intensidade enerxética final.

Para o sector do transporte, a porcentaxe de enerxía procedente de fontes renovables fíxase no 14% en 2030 pola Unión Europea, no 22% polo PNIEC e no 12% polas Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020. Galicia acadou un 6,4% en 2018.

No relativo á *Calidade da auga nas zonas de baño* galegas, estas presentan unha evolución positiva no período de estudo 2011-2018, tanto nas augas continentais como nas mariñas. Neste período, aumentaron en 72 as zonas de baño con clasificación sanitaria Excelente (16%), diminuíron as Boas (-15; un -3%), así como as clasificadas Suficientes (-29; -6%) e Insuficientes (-40; -8%). O 84,6% dos 507 puntos de mostraxe tiveron unha calidade Excelente; o 11,2%, Boa; o 2,6%, Suficiente; e o 1,6%, insuficiente.

O indicador *Variación do estado das masas de auga* apunta que o 82% das masas de auga superficial e o 100% das subterráneas, das correspondentes á Demarcación Galicia Costa teñen un estado Bo.

Os indicadores de residuos, no período 2011–2018, sinalan que a cantidade total xerada reduciuse un 1,8%, con valores que se mantiveron en todo o período por debaixo do máximo fixado polo Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2020 (PXRUG). Porén, as cantidades por persoa e día incrementáronse un 1,6% no mesmo período, por encima do previsto no plan. As distintas fraccións da recollida selectiva, agás a materia orgánica incrementaron as cantidades recollidas, un 30% o vidro, un 21% os envases lixeiros, un 2% o papel-cartón; a materia orgánica diminuíu preto dun 8%, posiblemente polo incremento do compostaxe doméstico.

O indicador de *Dotación de puntos limpos* reflicte, neste mesmo período, un incremento do número de concellos con instalación de punto limpo (un 20%), os concellos que prestan este servizo aumentaron un 17% e a poboación que conta con este servizo creceu un 21%; datos que melloran se a análise faise para o ámbito litoral, no que as porcentaxes son respectivamente 20%, 20% e 36%.

Funcionalidade dos ecosistemas

A aprobación da *Lei 5/2019, do 2 de agosto do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia* consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e pretende levar a cabo unha protección transversal do patrimonio natural galego, integrando os requisitos de conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade nas demais políticas sectoriais.

Aprobáronse os plans reitores de uso e xestión de tres parques, dous naturais —Parque Natural Serra da Enciña da Lastra e Parque Natural do Invernadeiro— e un parque nacional, o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Valorización do patrimonio humano. Protexer o patrimonio cultural

No ano 2018, o número de rexistros de inmobles foi de 776, o que supón que se incluíron cinco novos rexistros, un con carácter definitivo, a fortaleza de Fontearcada na Peroxa e catro provisionais: O Parque do Pasatempo en Betanzos como xardín histórico; A Terraza de Sada coma monumento e as zonas arqueolóxicas de Castromao (Celanova) e do Castro de Santa María de Cervantes.

Despois da declaración definitiva como *ben de interese cultural da paisaxe cultural da Ribeira Sacra*, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural elaborou a proposta definitiva de formulario de candidatura á Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO, candidatura que foi aprobada polo Consello de Pa-

¹⁴ Plan Nacional Integrado de Enerxía y Clima (PNIEC)

trrimonio Histórico Español en 2019 para a súa presentación no ano 2021 no ámbito da Convención do Patrimonio Mundial.

Cohesión social e diversidade

Os indicadores socioeconómicos sinalan que a poboación segue diminuíndo, un 0,2% no último ano en Galicia e en menor medida no ámbito litoral; nas zonas pouco poboadas pasou do 19,8% en 2016 respecto do total de Galicia ao 19,2% no 2018.

A renda bruta dispoñible do fogar per cápita, aumentou dende o ano de aprobación das DOT (2011) un 2% na Comunidade e un 1,6% no litoral. A distribución territorial da actividade económica continúa caracterizándose por contrastes acusados: as comarcas das sete grandes áreas urbanas – encabezadas pola Coruña e Vigo – concentran máis actividade económica que o resto da Comunidade, contribuíndo co 65% e 66% ao valor engadido bruto (VEB) total en 2010 e 2016 respectivamente.

Durante o período 2010-2016, as distintas ramas de actividade achegaron un VEB diferente ao conxunto da economía: descenderon a rama da construción (-31%), as industrias extractivas e outros produtos minerais (-27%), a fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais (-14%), a rama de industrias extractivas e fabricación doutros produtos minerais non metálicos (-27%), a fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais (-14%), así como a metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria (-8%). As demais ramas aumentaron o valor da súa produción, a que máis, a industria agroalimentaria (30%).

A pesca extractiva como un subsector da rama pesqueira, rompeu a tendencia descendente dende 2011, situándose en 2017 en niveis próximos a 2013. No marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca, no período 2016-2018 aprobáronse 301 proxectos con achegas públicas de máis de 19 millóns de euros que supoñen da orde de 267 novos empregos directos. Os indicadores Especialización acuícola e Capacidade pesqueira sinalan, por unha banda o aumento da rendibilidade da acuicultura, tanto en termos de produción como en termos económicos e, por outra e en termos globais, referido aos buques pesqueiros con porto base en Galicia, a diminución do seu número, arqueo e potencia.

O indicador Ocupación na pesca, que atende ao emprego do sector pesqueiro galego (tripulantes dos buques e traballadores nos establecementos acuícolas), sinala un descenso, entre 2011 e 2018, do 9,4% no número de

tripulantes e do 18,7% no de ocupados no conxunto de establecementos acuícolas.

A superficie inscrita de agricultura ecolóxica medrou un 221% dende o ano 2011. Tamén medra a gandería de vacún e porcino e diminúe a especie maioritaria, as aves, concentrada na provincia de Ourense e na comarca do Deza.

A superficie forestal con instrumento de ordenación ou de xestión supón un 11,4% da superficie arborada, desarborada e de pasteiro e incrementouse 3,39 puntos porcentuais, pasando de 164.118 hectáreas a 234.745 hectáreas entre 2011 e 2018.

Mobilidade

A mobilidade debe confirmarse como un dos parámetros imprescindibles para o fomento da sustentabilidade na planificación territorial. Neste senso, a mellora na dotación e na eficiencia do transporte público é tamén un factor determinante para a mellora da calidade ambiental e acústica do municipio. As DOT sinalan que a Xunta de Galicia elaborará plans de transporte metropolitano en rexións e áreas urbanas para dotar de solucións de transporte accesibles e sustentables en espazos con crecentes demandas de mobilidade e riscos de conxestións.

Os datos analizados (viaxes en e fóra das ATM, e viaxes de escolares con reserva de praza no transporte regular) corroboran o diagnóstico que identificaba a tendencia de crecemento da poboación e da actividade económica na zona atlántica de Galicia, reforzándose principalmente nos asentamentos urbanos e metropolitanos das cidades deste eixo atlántico mentres que, de xeito paralelo, a actividade económica descende nas zonas rurais, reducíndose tamén a poboación da zona interior.

Nas cinco ATM ata agora definidas, concéntranse máis da metade das viaxes en transporte público por estrada. É na ATM de Ferrol onde se da a maior proporción de viaxes por habitante, con 14,88 desprazamentos por habitante (953.565); cómpre ter en conta que Ferrol carece de transporte urbano polo que unha parte das necesidades de mobilidade dos veciños é atendida polo transporte metropolitano.

En 2018, o cociente entre o número de vehículos e a poboación é de 752 vehículos por cada 1.000 habitantes, o que supón un aumento do 8,8% en relación a 2011, aínda que en máis de 30 concellos este cociente é maior que 1. De novo, a dispersión da poboación está detrás destes índices ele-

vados e pon de relevo o desafío que a mobilidade sustentable representa en Galicia.

Integración paisaxística

O Instituto de Estudos do Territorio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en desenvolvemento das competencias en materia de paisaxe, no ano 2019, levou a cabo distintas accións nesta materia. En desenvolvemento normativo, someteu a información pública o Regulamento da Lei da paisaxe; para a valorización e dinamización dos espazos litorais está impulsando a Senda dos Faros, a través dun convenio coa Axencia de Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e a Fundación Galicia Sustentable.

Como acción de divulgación de boas prácticas en materia de paisaxe rematouse a Guía de estudos da paisaxe urbana, sétima da serie, e se están elaborando a guías de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractiva e a Guía de intervención en espazos públicos.

No ano 2019 emitíronse un total de 774 informes en materia de paisaxe, dos cales 322 informáronse en virtude do artigo 51 do POL; 73 informes ao abeiro do artigo 36 da Lei 2/2016; 42 informes segundo o artigo 7 da Lei 7/2008 e nos procedementos de impacto ambiental de proxectos, contabilizáronse 190. Os outros 147 informes emitidos refírense a procedementos de avaliación ambiental estratéxica, así como outro tipo de consultas. Destes, en 2019, informáronse 51 estudos de impacto e integración paisaxística.

Táboa de ilustracións

Ilustración 1. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2019.....	13
Ilustración 2. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT (2011-2019).....	13
Ilustración 3. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2019.....	13
Ilustración 4. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos das DOT	13
Ilustración 5. Estado do planeamento municipal. Setembro de 2019	14
Ilustración 6. Número de instrumentos de desenvolvemento aprobados ou en elaboración (2011–2019).....	14
Ilustración 7. Detalle das cartografías xeradas coas construcións destinadas á vivenda superpostas á malla de caracterización territorial.	16
Ilustración 8. Porcentaxe de cuadrículas sobre solo urbano e de núcleo rural nos distintos niveis do sistema de asentamentos das DOT para cada un dos rangos de densidade de uso vivenda establecidos	16
Ilustración 9. Demandantes de vivenda protexida (2019).....	17
Ilustración 10. Evolución do número de bens inmobles e da poboación (2008-2018)	18
Ilustración 11. Evolución do número de bens inmobles de uso residencia e o número de transaccións inmobiliarias (2004-2018).....	19
Ilustración 12. Lonxitude das ARPSIs fluviais e costeiras por demarcación e en Galicia (km)	19
Ilustración 13. Porcentaxe de entidades singulares baleiras nas grandes áreas paisaxísticas (2018).....	21
Ilustración 14. Distribución das viaxes e modo de pago nas ATM (2018)	23
Ilustración 15. Superficies portuarias e número de portos autonómicos (2018)	24
Ilustración 16. Porcentaxe de poboación con cobertura de redes fixas ≥ 30 Mbps (2018)	25
Ilustración 17. Porcentaxe de poboación provincial na ZPP baixa (2018)	26
Ilustración 18. Variación da porcentaxe de poboación na ZPP baixa (2016-2018) ..	26
Ilustración 19. Intensidade da oferta turística nas rutas do Camiños de Santiago (01.01.2019)	29
Ilustración 20. Porcentaxe de pernoctacións por xeodestino e temporada (2017) ...	30
Ilustración 21. Rama de actividade predominante por concello (2018)	32
Ilustración 22. Evolución da porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector agroforestal no medio rural (2011-2018)	32
Ilustración 23. Superficie rexistrada en agricultura ecolóxica en ha (2018)	35
Ilustración 24. Carga gandeira (2013-2018)	36
Ilustración 25. Valores da carga gandeira total municipal (2018)	36
Ilustración 26. Evolución dos grupos de cultivo (2011-2018)	37
Ilustración 27. Superficie de cultivos forraxeiros en ha (2018)	37
Ilustración 28. Variación da superficie de cultivos forraxeiros en ha (2013-2019)....	38
Ilustración 29. Especialización acuícola (2011-2018).....	39
Ilustración 30. Inmobles en proceso de declaración BIC (2018).....	42
Ilustración 31. Evolución da xeración de residuos urbanos (2011-2018)	45
Ilustración 32. Evolución dos puntos limpos (2011-2018)	45
Ilustración 33. Evolución da calidade das augas de baño (2011 e 2018)	46
Ilustración 34. Número de masas de auga segundo o seu estado total na DGC	47
Ilustración 35. Evolución anual das emisións de CO ₂ equivalentes en Galicia	47
Ilustración 36. Potencia eléctrica instalada Galicia España (2018). Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018	48
Ilustración 37. Evolución Intensidade enerxética primaria en Galicia e España. Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018	48
Ilustración 38. Evolución Intensidade enerxética final en Galicia e España. Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018	48
Ilustración 39. Consumo final bruto de enerxía renovable (%). Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018	49
Ilustración 40. Consumo final bruto de electricidade procedente de FER (GWh/ano). Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018	50
Ilustración 41. Consumo de enerxía procedente de fontes renovables no transporte (%).Fonte INEGA. Balance enerxético de Galicia. Avance 2018	50

